

## foz

O Concello terá a titularidade do edificio da residencia de maiores. **Pax. 6**

## viveiro

14 árbores de diferentes especies plantáronse no parque Peras Peón. **Pax. 9**

## burela

O Concello realizou diversas melloras no parque a carón do Hospital Público da Mariña. **Pax. 10**

## mondoñedo

O alcalde, Manuel Otero, fala sobre a lexislatura e os seus retos para o futuro. **Pax. 17**

## cervo

A zona da Atalaia contará co primeiro Centro Arqueolóxico da Mariña. **Pax. 23**

## Novo ano, novos retos

Despois de despedir o ano con moitas actividades, os concellos xa están inmersos en novos proxectos e melloras de acondicionamento



## Seguen os problemas nos centros de saúde

A Plataforma Sanitaria da Mariña chama aos veciños a unha nova manifestación. **Pax. 3**

## A Deputación aproba o Plan Único do 2023

Destinará 21,5 millóns aos concellos para desenvolver distintas actuacións. **Pax. 24**

## II Festa do Caldo



A Asociación San Rosendo, de Barreiros, organiza esta cita o día 28. **Pax. 15**

## Supercopa feminina



Burela acollerá o torneo de fútbol sala feminino a finais de xaneiro. **Pax. 25**

## Volveu a Liga de fútbol



Todas as categorías fixeron un descanso durante dúas semanas. **Pax. 27**

## Basilio Otero fala do estado do sector

É patrón maior de Burela e presidente da Federación Nacional de Cofradías de Pescadores. **Pax. 29**

### TIRAMOS A CASA POLA VENTÁ

## REBAIXAS 50%

Aforra  
198€!

Fibra 1.000 Mb  
Móbil 50 GB

# 22€ /mes

DURANTE 9 MESES

Ninguén che dá máis por menos!



adamo  
A mega fibra

Chama gratis ao  
900 651 679

Visítanos en  
adamo.es

Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contratasen Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre o 19/01/2023 e o 30/04/2023, ambos os dous inclusive. Non combinable con outras promocións. Internet FAST! + Móbil ilimitado 50 GB coa promoción, durante os primeiros 9 meses, só pagarás 22 €/mes, logo PVP total 44 €/mes. Prezo final con IVE e cota de vida incluídos. Promoción suxeita á permanencia dos servizos de Adamo durante 12 meses. Cota de activación de 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se dese de baixa antes de transcorrer 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35 € (IVE incluído) en concepto de permanencia. Límites adicionais limitados a un máximo de 4 por cliente.

# A MARIÑA

## Piden aos peóns que tomen medidas para evitar atropelos

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, fixo un chamamento aos peóns para que tomen todas as medidas de autoprotección que son moi importantes durante os meses de inverno nos que a falta de luz e o mal tempo diminúen a visibilidade. Fixo esta advertencia durante a presentación en Viveiro dunha nova campaña da Dirección Xeral de Tráfico de reparto de chalecos reflectantes por toda a provincia.

A subdelegada acompañou aos axentes da Agrupación de Tráfico da Garda Civil que comezaron en Viveiro o reparto dos 500 chalecos reflectantes de alta visibilidade que durará entre este mes e o de xaneiro.

Rodríguez explicou que con esta campaña preténdese sensibilizar a todos os usuarios, tanto peóns como condutores, sobre a importancia de ver e ser vistos, así como de cumprir as normas de circulación, para que non haxa ningunha persoa ferida. No que vai de 2022 rexistráronse 11 accidentes por

atropelo nas estradas e travesías lucenses, o que supón un 42,2% menos con respecto ao ano pasado no que se contabilizaron 19. A esa cifra hai que sumar outros 46 atropelos en vía urbana, 32 menos que no 2021, un 27% menos en total. “Vemos unha clara tendencia descendente nos últimos anos, pero entre todas e todos temos o reto de acadar que ningún peón máis volva a perder a vida nun sinistro vial na provincia e, desde logo, non retroceder por exceso de confianza”, subliñou a subdelegada.

Aínda que a maior parte dos atropelos con vítimas teñen lugar en vías urbanas (entre o 70 e o 76% durante os últimos anos), as consecuencias máis graves rexístranse na estrada convencional: por desgraza, cada ano seguen morrendo peóns nas estradas da provincia: 4 en 2019, 2 durante 2020, 2 en 2021 e 1 no no 2022. En zona urbana tamén rexistrouse un atropelo mortal no que vai de ano.



**CAMIÑO GASTRONÓMICO DO MAR.** Celebrouse o sorteo do premio especial Camiño Gastronómico do Mar 2022, que organizou a Asociación Amigos do Camiño do Mar Peregrinación a Santiago de Compostela, coa colaboración da Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela. A gañadora foi María Jesús Carré Otero, unha peregrina da Coruña que participou na terceira etapa, entre Cervo e Xove.

## Os socialistas únense para defender os intereses da comarca

O Secretario Xeral do PSdeG na provincia de Lugo, José Tomé Roca, reuniuse na sede do partido en Foz con alcaldes, concelleiros, voceiros e militantes da Mariña, un encontro no que acordaron unha estratexia de acción política conxunta para defender os intereses da comarca fronte ao abandono que vén sufrindo por parte do Partido Popular.

Os socialistas da Mariña únense desta forma para reivindicar o enorme potencial da comarca e esixir os servizos, infraestruturas e actividade industrial que necesitan os mariñanos e mariñanas para seguir avanzando no seu desenvolvemento social e económico, solicitando proxectos pendentes e facendo seguimento dos iniciados, por parte de todas as administracións, tanto da Xunta de Galicia como do Goberno do Estado.

O Secretario Xeral do PSdeG na provincia puxo en valor “o traballo e esforzo” que están facendo os socialistas da Mariña, tanto alcaldes e alcaldesas, como voceiros, concelleiros, secretarios xerais e militancia, “para mellorar esta comarca, que ten un peso fundamental na nosa provincia polas súas características sociais, culturais e económicas, en sectores como a pesca ou a industria”.

Un esforzo “moi importante”, destacou, sobre todo porque deben loitar contra “o abandono e o castigo que vén sufrindo A Mariña por parte dos Gobernos do PP na Xunta de Galicia”, “agudizado nos últimos anos en áreas como a sanidade, as infraestruturas e a industria, ata o punto de bloquear o desenvolvemento dos concellos e que pode resultar irremediable”.



Desta forma, os socialistas impulsarán unha estratexia de acción política de cara a “reivindicar todo o que os veciños e veciñas da Mariña necesitan e merecen; denunciar os agravios que sofre a comarca; plantexar solucións concretas aos problemas; coordinar mellor as accións e darlle a maior proxección posible ás xustas reclamacións da Mariña”.

Como exemplo dos “recortes e os desprezos” da Xunta á Mariña, os socialistas lembraron, en materia sanitaria, a grave falta de médicos de familia e pediatras na Atención Primaria ou a negativa a recuperar a ambulancia medicalizada de Foz; en canto a infraestruturas, o parón da VAC Costa Norte ou de infraestruturas de saneamento e abastecemento; e en canto a industria, a inexistencia dun plan industrial.

**ALTRI.** Neste ámbito, o líder do PSdeG na provincia acusou ao PP de “traizoar” á Mariña co proxecto industrial de Altri, e de utilizar politicamente a situación de Alcoa, “que agora xa non lles é rendable, e por iso non veñen sacar fotos á Mariña”, sinalou.

O dirixente socialista sinalou sobre o proxecto de Altri “que o

PP anunciou unha promesa para que se instalará en Cervo. Incluso Elena Candia chegou a defender unha proposta no Parlamento de Galicia, e despois anuncian que se vai instalar en Palas de Rei. Isto é un auténtico engano”. Tamén lembrou a situación de Vestas con 125 postos de traballo: “ese si que era un asunto da súa competencia, pero por alí non apareceron, ou en Albo, onde aconteceu o mesmo”.

Fronte a esta situación provocada pola Xunta, “os socialistas temos un proxecto para A Mariña, para o conxunto da provincia de Lugo e para Galicia. De feito, cando gobernamos os socialistas, a sociedade avanza”, asegurou José Tomé, quen incidiu en que, polo tanto, os mariñanos “necesitan máis socialismo”, “para evitar que o PP anule o futuro desta comarca, que está chea de talento, de xente emprendedora, de prosperidade e de oportunidades”. No marco da estratexia de acción política marcada polos socialistas, celebraríanse proximamente máis xuntanzas na Mariña para seguir analizando a situación da comarca, sobre todo no eido da sanidade pública, as infraestruturas e a industria.

**MENÚ DIARIO  
MENÚS ESPECIALES  
PESCADOS**

Plaza Conde Fontao, 3 (Puerto) - Foz - Tel.: 982 140 433

ABIERTO TODOS LOS DÍAS

# Esixen a reposición dos pediatras no centro de saúde de Viveiro

A Plataforma Sanitaria da Mariña chama aos veciños da Mariña a saír novamente á rúa o vindeiro 19 de xaneiro de 2023, na manifestación que convoca baixo o lema *Contra o desmantelamento da sanidade pública*. A convocatoria responde á situación de emerxencia na que se atopa a sanidade pública, que sofre cada vez máis deterioro sin que os responsables da súa xestión poñan solucións efectivas.

“Se ben a Mariña leva sufrido continuos recortes en materia de sanidade desde hai trece anos, os problemas agrávanse trala supresión da área sanitaria no ano 2018. Esta decisión do Goberno da Xunta de xeito unilateral, sen escoitar aos axentes sociais e dándolle as costas ao clamor veciñal que se opoñía á súa perda, provoca a centralización dos recursos na capital aumentando as derivacións cara Lugo – moitas veces a centros privados- para procedementos que ben podían terse realizado aquí, alonxando a sanidade das persoas. Malia que se acometeu unha obra de ampliación de gran calado, moi necesaria e que se fixo realidade grazas a un importante movemento de presión social, non se dotou de nin só servizo novo”, din dende a Plataforma Sanitaria.

A situación actual pola que están a pasar moitos centros de saúde raia o peche funcional dos mesmos. No Hospital da Mariña hai “situacións grotescas como agardar dous anos para facer una ecografía ou tres anos para ser visto por cardioloxía”. No servizo de reumatoloxía, que durante meses estivo pechado por un permiso non substituído “xa se perde a conta dos anos que leva agardando a xente por una consulta”.

**SINATURAS.** Coincidindo co Día Internacional da Cobertura Sanitaria Universal, a rexedora viveirense entregoulles aos representantes da plataforma Salvemos a Sanidade Pública as 120 sinaturas recollidas para reclamar que se cubran as prazas de pediatría do centro de saúde



da vila. Estas firmas súmanse ás sinaturas recollidas na concentración en defensa do servizo de pediatría, que se convocou o pasado mes de novembro.

**CENTRO DE SAÚDE.** A parlamentaria socialista Patricia Otero esixiulle á Consellería de Sanidade que garanta os dous pediatras que lle corresponden ao Centro de Saúde de Viveiro. A responsable socialista alertou na Comisión de Sanidade da desatención sanitaria nun Centro de Saúde que atende a 1.600 nenos e nenas de Viveiro, Ourel e O Vice-



Otero levou ao Parlamento a situación “inaceptable” da sanidade para os menores nesta localidade, que logo de “longas temporadas” tan só cun dos dous pediatras que lle corresponden, en novembro agravouse cando “chegaron a faltar os

dous profesionais”. Daquela a primeira data dispoñible remontábase a mediados de decembro, mentres o Sergas recomendaba derivar aos menores ao servizo de Urxencias do Hospital da Mariña.

A situación derivou nunha ampla manifestación reclamando a cobertura estable das dúas prazas, mentres o Centro de Saúde afrontaba a semana dos festivos do Día da Constitución e a Inmaculada Concepción sen ningún pediatra no centro en plena época de catarros e gripes. Sinalou que “hai familias con nenos pequenos con patoloxías que necesitan do seu médico, e vostedes estalle a dicir que non se poden acostumar a ter pediatra en tódolos centros”.

Patricia Otero sinalou que a situación demostra as consecuencias de 13 anos de “mala planificación” da xestión sanitaria por parte do goberno galego, e responde á folla de ruta marcada pola dirección do Sergas. Lembroulle á nova xerente, Estrella López – Pardo, que foi ela en primeira persoa quen debullou o seu obxectivo nunha entrevista en outubro, sinalando que “La población tiene que entender que no podrá haber pediatra en cada Centro de Salud”.

Explicou que agora mesmo hai 192 concellos sen servizo de Pediatría, que non só seguirán así, senón que “a súa intención é recurtar e eliminar pediatras nos Centros de Saúde” que aínda o teñen, nos que “periga pola súa mala planificación” sanitaria.

# O PSOE reclama garantías para a ampliación da balsa de lodos de Alcoa en Morás



A parlamentaria socialista Patricia Otero reclamoulle á Xunta que desenvolva coas máximas garantías o proxecto de ampliación da balsa de lodos vermellos de Alcoa en Morás, que resulta “fundamental” para “darlle continuidade á vida da factoría”. A responsable socialista pide reclamarlle ao Goberno galego que de conta da tramitación do proxecto.

Sinala que a balsa de lodos vermellos constitúe unha infraestrutura “necesaria para que a planta de alúmina poida seguir funcionando”, e reclamoulle ao goberno galego que presente os plans e a cronoloxía coa que traballa para responder deste proxecto de ampliación presentado pola empresa. Si que lle pediu ao goberno galego que responda da urxencia que precisa a tramitación dos parques eólicos ligados á factoría, que “xa van tarde” logo de que “ata o pasado mes de novembro non se acordaran de darlle o pulo” a unhas instalacións fundamentais para formalizar as PPAs -Power Purchase Agreement- e garantir o suministro de enerxía da. Criticou que o goberno galego non fora quen de declarar os proxectos prioritarios ata novembro, “e agora éntanlles as presas”.

**PARQUES EÓLICOS.** O delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, traslada a preocupación do Goberno ante a falta de resposta da Xunta de Galicia con respecto aos informes necesarios

para tramitar os parques eólicos que darían enerxía a Alcoa, unhas instalacións “vitais para a industria galega” e para poder reactivar a produción de aluminio primario prevista para 2024. O delegado insta á Xunta a “dar unha resposta inmediata”, lembra que o vindeiro 26 de xaneiro caducan os permisos de conexión e pide “responsabilidade” ao Goberno galego, do que lamenta que trate de evadir as súas competencias “tras case dous anos de brazos cruzados”.

“Xa estamos no tempo de desconto”, apremia José Miñones, que lembra que o Goberno xa lle concedera dúas prórrogas previamente á Xunta e, a pesar diso, aínda non cumpriron coas súas obrigas. Os informes enviados polo goberno autonómico para estes parques non eran válidos, e o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO) continúa á espera tras dúas reiteracións de solicitude –a última, o pasado 14 de decembro–.

“O Ministerio e os técnicos están completamente volcados con este tema, xa que somos moi conscientes da relevancia destes parques para Galicia, pero pedimos seriedade para obter unha resolución favorable cun traballo conxunto e lealdade institucional”, afirma. “De nada serve promulgar declaracións de excepcionalidade se despois non se fai o traballo”, remata.



## O Nadal deixou estampas fermosas nos diferentes concellos da comarca



De arriba abaixo e de esquerda a dereita: decoración da Asociación O Atrio de Vilaronte de Foz, gala de Nadal de Xove, os autos de Vespa&Faba de Lourenzá, visita de Papá Noel e un boneco reciclado de Cervo, cabalgata de Reis en San Cibrao, nenos en actividades de Oourol, o Apalpador en Ribadeo, Papá Noel no Vicedo, tren infantil en Cervo, os Reis Magos en Mondoñedo e en Alfoz

# Saúde Mental A Mariña estivo a repartir agasallos polos concellos

A Asociación Saúde Mental A Mariña estivo a repartir agasallos polos concellos da comarca para dar visibilidade ao seu traballo.

Así, a alcaldesa de Trabada dixo que “trasládámoslles o noso agradecemento por este detalle e pola importante labor social que desenvolven na nosa comarca”.

“Para nós é un pracer poder aportar o noso gran de area e colaborar con este tipo de colectivos que dan resposta a unha necesidade real da nosa sociedade e que son luz no camiño de moitas persoas porque a saúde mental é fundamental para todas e todos”, engadiu a rexedora trabadense.

Así mesmo, achegáronse a Barreiros para ofrecerlles o seu agasallo feito por eles mesmos, e dende o equipo de Goberno local manifestaron que “estamos agradecidas de que se lembraran de nós e encantadas de seguir traballando man a man na mellora da calidade de vida das per-



soas usuarias”.

O Concello de Lourenzá tamén recibiu a visita dos alumnos da Asociación de Saúde Mental da Mariña que achegáronse a traer un agasallo e felicitar as festas.

O rexedor de Cervo, Alfonso Villares, e a edil de Cultura, Dolores García Caramés, recibiron aos integrantes para a súa tradicional felicitación do Nadal.

Os membros da asociación quixeron acudir persoalmente ao concello para felicitar estas fechas tan sinala-

das a través dunha postal propia do Nadal e un agasallo dun estilo semellante aos habitualmente elaborados dentro das actividades do centro.

Todos eles puideron desfrutar dunha agradable charla co alcalde e, ademais, recibiron o xa tradicional calendario que o Concello de Cervo está a repartir polo municipio para este novo ano 2023. Tamén foron recibidos polo alcalde mindoniense, Manuel Otero, que calificou o detalle de “fermoso agasallo elaborado polas persoas usuarias da Asociación”.

## Rematadas as obras da ponte que une a Valboa e Cedofeita

Remataron as obras de acondicionamento da ponte que une a parroquia trabadense de Valboa e a ribadense de Cedofeita. Tras estes traballos, realizados de forma conxunta co Concello de Ribadeo, a vía reábrese ao tráfico rodado.

Os traballos consistiron no acondicionamento e pavimentación deste camiño supramunicipal, que une as citadas parroquias a través dunha ponte. Ademais, prolongouse o paso existente sobre o rego Ferreira e instaláronse barreiras de seguridade en ambas marxes, para que o acceso estea en boas condicións.

“Ambos concellos fixemos un esforzo para arranxar este camiño, que une diferentes núcleos de poboación. Antes dos traballos, a vía

presentaba un estado deficitario cunha ponte moi estreita sobre o rego Ferreira, polo que tras as obras melloramos a comunicación e a seguridade viaria”, explica Ma- yra García Bermúdez, alcaldesa de Trabada.

Esta vía serve de acceso a fincas agrícolas, explotacións gandeiras e forestais, polo que soporta bastante tráfico pesado, que ocasiona un maior deterioro do firme. “Mellórase tamén o trazado da curva, para facilitar os xiros de vehículos pesados. Ademais, co acondicionamento da vía, os vehículos en servizo de emerxencia poden facer da mesma en boas condicións”, engade a rexedora.

Os Concellos de Ribadeo e Trabada aportaron o 30% dun orzamento que ascende a 62.500 euros.



## Comeza o Ano de Del Riego polas Letras Galegas

A casa do Concello de Lourenzá acolleu o acto inaugural do ano dedicado a Francisco Fernández del Riego. A alcaldesa laurentina, Rocío López, dixo que, “o 7 de xaneiro, fai 110 anos que nacía nesta vila Francisco Fernández del Riego, e aquí inauguramos o ano dedicado a súa figura no berce que o viu nacer. As rúas, as prazas e cada recuncho desta vila gardan as vivencias da nenez e a adolescencia da vida de Don Paco. Dende os paseos no cochiño coa súa avoa Dominica, alentando os aires da alameda da praza do Conde Santo, pasando polos días de escola coa mestra dona Estrela e con Don Maximino, ata as tardes de caldelo, nas que se bañaba nas claras augas do río Baos, no Pozo de Cuñas. E foi

aquí, no balcón deste Concello, onde un 25 de xullo do 1931, nunha estadia vacacional en Lourenzá e con 18 anos, pronunciou o seu primeiro discurso galeguista. Don Paco foi, sen dúbida, o mellor embaixador do noso pobo; sempre gozou de presumer de onde era, da súa terra e das súas xentes. O presidente da Deputación, José Tomé Roca, destacou a “pegada decisiva e indeleble” no galeguismo, na lingua e na cultura do século XX deste escritor e intelectual. “Estou seguro de que Don Paco estaría moi contento de comezar na súa vila natal este ano no que imos reparar case que un século de vida consagrada á cultura galega”, sinalou o presidente da institución provincial, que colabora coa programación.

## O GDR Terras de Miranda informou da nova convocatoria de axudas Leader

O GDR Terras de Miranda comunicou que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural publicou no DOG do 29 de decembro de 2022 a nova convocatoria de axudas Leader para os períodos 2023 -2024, dirixidas a proxectos produtivos e non produtivos. O orzamento total para o territorio GDR Terras de Miranda é de 558.027,40 euros. E para participar é necesario presentar a solicitude das axudas a través de sede electrónica, co código do procedemento MR701D. O prazo para solicitar a subvención remata o 31 de xaneiro de 2023.

Para máis información deberase consultar na súa páxina web ou no teléfono 982 507 111

## A Deputación e a Federación de Comercio premian a 15 negocios locais da provincia

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, xunto ao presidente da Federación de Comercio, José María Seijas, participaron na Gala de Outono do Comercio da Provincia de Lugo, que tivo lugar no Pazo de San Marcos. A cita foi o colofón da campaña promovida entre ambas entidades para poñer en valor a actividade comercial e incentivar o consumo nos establecementos de proximidade.

Os gañadores das diferentes categorías foron a monfortina Calzados Losal pola súa Continuidade Empresarial; a parafarmacia de Lourenzá Conde Santo pola Mellor Traxectoria Individual; Bicos de Fío, de Meira, levou o recoñecemento á Dixitalización, El Rincón de tu Olfato, de Lugo, foi o galardoado na categoría de Comercio Sostible e Isla, de Foz, levou o premio ó Mellor Comercio de Barrio.

**Ortegal Oil** [www.ortegaloil.es](http://www.ortegaloil.es)

**¿QUIERES VIVIR COMO UN MINISTRO?**

ACÉRCATE A NUESTRAS ESTACIONES DE SERVICIO Y OBTÉN TU CARNÉ DE **MINISTRO DE COMBUSTIBLE** PARA TENER PRECIOS DE ESCÁNDALO EN NUESTROS CARBURANTES

**¡-5 CÉNTIMOS POR LITRO CON EL CARNÉ DE MINISTRO!**



## O novo miradoiro de Pico de Castro xa está aberto ao público



Foz conta xa cun novo miradoiro, o de Pico de Castro, unha atalaia privilexiada a só 5 minutos camiñando desde o centro urbano da vila.

Dentro das obras de urbanización de Costa do Castro e como mellora do proxecto, o goberno municipal apostou por instalar un miradoiro no Pico do Castro –nas letras de Foz–, nuns terreos municipais que constitúen un punto de observación excepcional sobre o Cantábrico e a propia ría de Foz.

O alcalde, Fran Cajoto, destaca “o gran valor paisaxístico do novo miradoiro, unha plataforma de case 30 metros cadrados de madeira con dous bancos laterais de 4 metros de lonxitude: desde Pico do Castro podemos observar toda a rasa cantábrica desde Foz ata Tapia de Casariego, pero tamén a contorna da ría de Foz, coa vila aos nosos pés. E todo isto moi preto do centro urbano, a só 5 minutos camiñando desde a rúa Álvaro Cunqueiro. É un paseo que ademais podemos facer

con tranquilidade e seguridade, coas beirarrúas de Costa do Castro recentemente executadas e a súa continuación a través da nova senda peonil. E se nos desprazamos en vehículo temos a carón do miradoiro un estacionamento -do cemiterio municipal-, que acabamos de acondicionar. Non me canso de dicilo: somos privilexiados, só temos que darnos conta e poñer en valor o noso entorno”.

O concelleiro de Turismo, Chema Linares, salientou “o gran traballo que se está a facer nesta lexislatura por potenciar o enorme valor paisaxístico que ten Foz. Un novo miradoiro que sumamos á Ruta dos Miradoiros xunto ao da Frouseira, Tamaniña, Lousada ou o recente de Cornería. É un miradoiro máis accesible preto do casco urbano e cunhas bonitas vistas sobre a ría e a costa. Animamos aos veciños e visitantes a descubrir esta ruta e disfrutar das magníficas vistas que nos deparan estes miradoiros”.



**100 ANOS.** Estrella Río García cumpriu 100 anos este martes, día 27, no seu domicilio de Cangas de Foz e celebroun xunto ao seu fillo Emilio, a súa nora Esther e outros familiares, amigos e veciños. O alcalde, Fran Cajoto, e a concelleira de Servizos Sociais, Ana Rojo, visitaron e agasallaron á centenaria cunha cesta floral a modo de felicitación, cariño e recoñecemento do Concello por cumprir un século de vida.

## O Concello terá a titularidade do edificio da residencia de maiores

O Concello acordou co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar a cesión da titularidade do edificio da residencia de maiores e centro de día. O Concello reclamou a propiedade do edificio ante o abandono da Xunta das súas propias competencias, pero o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar obrigaba ao Concello a botar fóra aos actuais residentes e traballadores para xestionar o servizo, unha “liña vermella para o Concello que non estivemos dispostos a cumprir en ningún caso: sería ilegal e inmoral”, segundo manifesta o alcalde, Fran Cajoto.

O rexedor di que “gustaríanos expoñerlle á conselleira a obriga legal e moral que ten a Xunta para xestionar unha residencia que é da súa competencia e da súa propiedade, onde os usuarios só pagarían como máximo o 80% da súa pensión. Gustaríanos arrincarlle un compromiso á conselleira para unha nova infraestrutura xa que a actual, con 40 prazas ocupadas e 150 persoas en lista de agarda para entrar, non cobre nin sequera minimamente as necesida-



des do Concello, pero non foi posible, unha vez máis”.

Cajoto engade que “foi unha reunión á que se sumou o voceiro do Partido Popular de Foz, Javier Jorge Castiñeira, nun xiro de guiñón” xa que “no Pleno extraordinario rexeitou de forma directa, clara e rotunda, diante dos traballadores e familiares da residencia, colaborar co Concello e facilitar ningunha reunión pero parece que mudou de idea: esperamos que non fora só para saír na prensa”.

O alcalde demandou ao xerente do Consorcio financiamento anual ao que “o xerente do Consorcio comprometeuse unicamente a intentar

conseguir unha partida de 20.000 ou 25.000 euros para instalacións do edificio, que esperamos que faga efectiva”. Así, o alcalde solicitou, en nome do Concello, a propiedade do edificio e dos terreos da residencia, “para, cando menos, poder xestionar o servizo con previsión e seguridade xurídica. Queremos resolver este problema de forma definitiva, de aí que solicitáramos a propiedade do inmovible. O compromiso do Consorcio é pasarnos en xaneiro un borrador de convenio por 4 anos que inclúa a cesión da titularidade do edificio antes da finalización do convenio”, explica Fran Cajoto.

## A pista multideporte do CEIP O Cantel xa é unha realidade



O alcalde de Foz, Fran Cajoto, e o delegado Territorial da Xunta, Javier Arias, visitaron a pista multideporte construída no CEIP O Cantel. O Concello construíu as pistas con cargo a fondos propios -33.400 euros- e a unha subvención outorgada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de 62.500 euros. En palabras do alcalde “as obras están completamente rematadas, á falta do pintado da pista por causa das choivas e do mal tempo. Son unhas pistas funcionais, que contan cunha superficie de xogo de 30 por 15 metros e que permiten a práctica do fútbol sala, baloncesto, tenis, voleibol ou bádminton. Todos os ele-

mentos son antivandálicos e conta cunha boa iluminación conformada por 6 torres con tecnoloxía led, que só permanece acendida cando hai alguén xogando grazas a unhas células fotoeléctricas con detección de movemento”.

O rexedor municipal destaca o aproveitamento dos fondos públicos: “a pista ten un dobre uso: durante as clases será utilizada polo colexio e fóra do horario lectivo poderán ser empregadas por calquera veciño que accederá a través da porta aberta na rúa Pintor Laxeiro. A verdade é que estamos moi satisfeitos co resultado e coa versatilidade das instalacións”.

## Castiñeira será de novo o candidato do PP á Alcaldía

Javier Jorge Castiñeira, actual portavoz popular en Foz e na Deputación, será de novo o candidato do PP á Alcaldía de Foz. Así se deu a coñecer no transcurso da homenaxe tributada ao ex concelleiro, xa falecido, Pedro Fernández Manín. Paula Prado puxo en valor que “a candidatura de Javier Castiñeira constitúe unha alternativa solvente e con experiencia fronte a un alcalde socialista que durante catro anos só se dedicou a botar balóns fóra e a calar ante os continuos agravios de Pedro Sánchez a Galicia e á Mariña lucense”, afirmou a secretaria xeral dos populares galegos. A continuación, engadiu que é o momento de que, da man do PP, os veciños de Foz “recuperen un Goberno que vele polos seus intereses, que teña na defensa do seu benestar a súa única motivación e que loite por un concello e unha comarca prósperas e con futuro”. “Precisamos ter unha maioría absoluta para poder gobernar e sabemos que podemos conseguila, porque somos maioría fronte ás políticas socialistas e nacionalistas que en nada benefician nin a España, nin a Galicia, nin a Foz”, concluíu.

# “Temos un variado tecido comercial no que atopamos todo”

José Carlos Paleo é o presidente da Asociación de Comerciantes, Industriais e Autónomos

## Que é AciaFozCCA?

É a Asociación de Comerciantes, Industriais e Autónomos de Foz, e foi constituída no ano 1988 cunha clara finalidade, a de impulsar a actividade empresarial, especialmente a adicada ó pequeno comercio.

## Cales son os obxectivos que perseguen?

O obxectivo primordial é converter esta vila e polo tanto a comarca nun punto de referencia para os potenciais compradores, autónomos ou alleos, de xeito que a actividade empresarial e comercial situada na zona, se converta nunha forza plenamente competitiva no complicado mercado actual.

## Dende cando leva á fronte desta entidade?

Estou á fronte deste entidade desde o 2010.

## Como se mantén AciaFozCCA?

Son tres piares, a cota de asociados, a subvención de Concello e a subvención da Xunta de Galicia para o Centro Comercial Aberto. A filosofía de colaboración entre administracións e Federación de Comercio Galega-Lugo con AciaFozCCA, pon todas as actividades e campañas en funcionamento, pois compartimos os mesmos obxectivos.

## En equipo sempre se fai máis forza.

Claro, ademais unha actividade

atrae a outra, os diferentes eventos son focos de atracción para o comercio e a hostalaría. Todo isto funciona se nos coordinamos entre todos.

## Tamén colaboran con outras entidades?

Colaboramos cos clubs deportivos e coas asociacións culturais da vila para apoiar nos seus eventos, pois nós o que queremos é mellorar o comercio e darlle vida ás rúas.

## Que campañas teñen preparadas para este ano 2023?

A nosa idea é seguir na mesma liña de campañas anuais. Adoítamos facer unhas 15 ao ano con motivo dos días e datas máis sinaladas como son o Nadal, o Día da Nai ou do Pai, San Valentín, etc. e as clásicas campañas das rebaixas. Ademais temos os sorteos, os sol-dos anuais, os vales de compra, ...

## Son moitas campañas.

Si, repartimos durante todo o ano máis de 15.000 euros en premios e vales de compra, que despois volven ao comercio. O que facemos é un círculo comercial que repercute no pobo.

## E xa máis concretamente para este mes de xaneiro ou febreiro?

Pois estaremos xa enfocados nas rebaixas e cun pé na preparación da campaña de San Valentín. Sobre todo gústanos cubrir as épocas nas que non hai tanta activi-



dade por parte do Concello, e así inxectamos un alicerce á veciñanza. Por outra banda, tamén faremos entrega dos premios do Concurso de escaparates de Nadal.

## Recentemente dous comercios focogos foron agasallados.

Si, por unha banda, a tenda Isla, un comercio de roupa e complementos de muller, recibiu un premio na categoría de Mellor Comercio de Barrio por parte da Deputación e a Federación de Comercio. Á fronte desta tenda atópase unha moza emprendedora.

## E a outra premiada?

A outra foi a tenda agasallada foi Decoraciones Pura, que recibiu un premio a súa traxectoria de máis de 35 anos, e na que xa conta con relevo xeracional. Ademais abri-ron outra tenda en Burela. Son especialistas en complementos téxtiles e roupa de fogar.

## Estes premios son unha moi boa noticia para a vila.

Por suposto, son premios que estimulan aos focogos a mellorar e a participar nestas iniciativas.

## Ten vantaxes mercar en Foz?

Por suposto, contamos cun variado tecido comercial no que po-

demos atopar todo o que necesitamos. Na Mariña temos moitas cousas que merecen a pena e que veña xente e merque, beneficiá-nos a todos. Dende o 2010 temos unha tarxeta de fidelización do comercio para acumular puntos e descontos.

## A poboación recibe de boa gana todas estas campañas?

Si claro. A veciñanza participa moi activamente e de forma maioritaria ao comercio. Despois as persoas agraciadas, que aproximadamente son máis de 300 anualmente, pois están contentos por recibir estes agasallos. Sempre teñen moi boa acollida entre a clientela e entre os establecements asociados que participan nas diferentes citas.

## O comercio online está xa estendido nos comercios focogos?

Si, de feito hai un número importante de negocios que usan as redes sociais como reclamos ou mostra dos seus espazos e o seu xénero. Tamén hoxe en día moitos dos negocios teñen a súa propia tenda online. No relativo a ACIA-FozCCA, nos contamos coa nosa web que serve como canle para todos os negocios e a súa potencial clientela.

## O BNG denuncia a falta de cobertura no centro de saúde

O BNG de Foz denuncia a falta de cobertura médica e a ocultación premeditada no centro de saúde de Foz. “O PP continúa na súa folla de ruta de desbroce na sanidade pública, especialmente en atención primaria. Agora, desbordados de ineficacia, tratan de agochalo. Así, o 24 de decembro cunha proba deportiva multitudinaria, non houbo médico no centro de saúde de Foz”, din dende o grupo nacionalista.

“En Foz vímos sufrindo o desleixo sanitario co silencio cómplice do PP local ao que non lle importou a discriminación ao non ubicar dun PAC no momento do deseño do mapa de asistencia sanitaria do Sergas ou a retirada do servizo de urxencias 24 horas (creado pola ausencia da PAC)”, din, “unha retirada en pleno mandato do PP local, iso sí negando que fose a acontecer e acusando ao BNG local, cando o fixo público, de mentir, nunca se desculpou”.

## Pico do Castro representa ‘O terapeuta’ en Foz

A Asociación de Veciños O Torques de Marzán organiza para o vindeiro venres 14 de xaneiro un espectáculo teatral a cargo do grupo Pico do Castro.

Nesta ocasión o grupo focogo presentará a obra *O Terapeuta*, ás 19.30 horas no local da antiga báscula.

Esta obra trata sobre un consultorio psicolóxico e os diferentes personaxes. Un doutor con especialidade na psique humana e un doente cun complexo de Edipo grande. Así as cousas, o doente irá pouco a pouco sacando ao doutor das súas casillas a pesar da súa paciencia.



# Rebajas Enero

Dto.  
%



**RIBADEO**  
Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6  
Tel.: 636 761 883

**BARREIROS**  
Pol. Ind. Cruz do Lobo  
Nave 10  
Tels.: 982 585 709  
652 110 377

**BURELA**  
C/ Curros Enríquez, 12  
Tel.: 660 402 954

## O Goberno local recibiu un “informe favorable” ao documento do PXOM



O Concello de Viveiro recibiu un “informe favorable” ao documento íntegro do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) por parte de Augas de Galicia, e está á espera do informe correspondente da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI).

O Concello está á espera agora dunha reunión dos portavoces municipais coa AXI e do informe definitivo por parte da axencia, pero non recibiu ningún tipo de requerimento ou información sobre toda a documentación presentada, polo que considera que é correcta.

“Unha gran nova para o Concello de Viveiro, somos conscientes da importancia que a aprobación do PXOM ten para o desenvolvemento do municipio e, neste sentido, o seu impulso sempre foi unha prio-

ridade. Nunca se deixou de traballar; ao longo da tramitación atopáronse moitos obstáculos, pero grazas ao traballo do Concello de Viveiro, o documento final xa está listo”, asegura a alcaldesa, María Loureiro.

Por parte da Alcaldía, vense facendo un seguimento constante co equipo redactor sobre o punto concreto no que, en cada momento, se atopa a tramitación. Ademais, todos os concelleiros e concelleiras da Corporación son coñecedores das reunións mantidas polo Concello sobre este asunto na Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), en Santiago de Compostela.

Dende a Alcaldía tamén se veñen convocando reunións de traballo para informar aos voceiros sobre a tramitación do PXOM.

## O BNG di que a recollida de enseres e voluminosos “pasa de semanal a esperar mes e medio”

O BNG vén de criticar a recollida de enseres e voluminosos no Concello xa que según comenta “pasa de semanal a esperar mes e medio polo servizo”.

“A recollida de enseres e voluminosos é un servizo municipal que recolle os residuos que non teñen cabida nos contenedores de lixo habituais. Un servizo imprescindible que necesita dun bo funcionamento desde calquera Concello, pero que en Viveiro pegou un gran baixón nos últimos meses chegando ao punto de ter que agardar mes e medio como mínimo por unha recollida, incluso con límites absurdos de 4 bultos”, asegura a portavoz do BNG, Míriam Bermúdez.

Esta xestión está sendo levada a cabo por unha nova empresa ex-

terna de limpeza despois de que lle rematase o contrato á anterior. “Un servizo privatizado que debe ser supervisado en todo momento polo Goberno Municipal para que se dea cumprimento de todos os puntos do contrato asinado”.

“Semanas atrás, a alcaldesa atacaba á veciñanza por deixar os enseres ás portas do Punto Limpo, mais para evitar isto o propio sería ofrecer desde o Concello un servizo funcional e eficaz; sen atrasos, sen límites e incluso ampliándoo á recollida de plásticos da gandeiría no rural, axudando a este sector xa perxudicado polo peche do Matadoiro, un servizo municipal menos que ten Viveiro pola ausente supervisión do Goberno Municipal”, di Bermúdez.

## O Concello realizou melloras nas instalacións de Parquemar

O Concello de Viveiro realiza de forma periódica tarefas de mellora e mantemento nas súas instalacións, como as que acaba de rematar na pista deportiva de Parquemar.

Neste caso, trátase da montaxe dun valado lacado en verde de 42 metros que inclúe unha porta de acceso e está composto por 16 columnas en tramos de 3 metros, construído en chapas de aceiro inoxidable e con parafusos.

“Damos resposta ás demandas veciñais e continuamos co plan de mellora continua dos servizos e infraestruturas municipais”, afirma a alcaldesa, María Loureiro.

A pista deportiva de Parquemar está situada nunha das zonas con



maior densidade de poboación de Viveiro e supón un centro neuráxico de ocio para a rapazada de todas as idades.

A instalación deste valado únese á colocación no pasado mes de marzo dunha columna de 10 metros con tres proxectores de 100

vattios para reforzar o alumeadado deste parque infantil.

Ademais destes traballos, o Concello de Viveiro continúa realizando labores como a reparación e suxeición dos elementos de xogo ou a substitución dos elementos deteriorados.

## O CCH deu a coñecer os gañadores do Concurso de Decoración de Nadal

O Centro Comercial Histórico de Viveiro deu a coñecer aos gañadores do Concurso de Decoración de Nadal no que houbo que decorar e ambientar con motivos desta época as fachadas, escaparates e interiores dos locais.

Así, o gañador ao mellor escaparate foi Cocolatte e a mellor fachada foi a de Óptica Rosario. No tocante aos veciños o primeiro premio levouno Amando Fernández, o segundo Sergio Allo -Comunidade veciños Alonso Pérez 21, e o terceiro, Purificación Rodríguez.

O xurado destacou ante todo,



a gran calidade dos traballos, o esforzo e a involucración dos negocios e das comunidades de veciños para dar un ambiente

o máis de Nadal posible á nosa vila, “que fai que Viveiro luza espectacular todos os anos durante estas festas”.

## O CEIP de Covas resultou premiado polas Boas Prácticas

O CEIP Plurilingüe de Covas resultou premiado no Concurso Nacional de Boas Prácticas, do Ministerio de Educación y FP. Con este galardón recoñécese o labor do centro polo seu desenvolvemento de proxectos que contribúen á mellora da calidade educativa.

No caso do centro viveirense o proxecto, Covasmola, foi recoñecido no ámbito da saúde integral cun premio de 10.000 euros.

Este certame encádrase dentro do Concurso Nacional de Boas Prácticas serve para poñer en valor actuacións exemplares, de maneira que estas boas prácticas, consecuencia do esforzo compartido na procura da mellora na acción educativa, sirvan de modelo e inspiración a outros centros educativos, e os centros docentes non universitarios reciban o recoñecemento que merecen.

## O PP insta a conseguir terreos do pazo de Malates

O PP insta ao Concello a conseguir terreos do pazo de Malates para abrir un acceso a un edificio ao que non poden chegar os vehículos de emerxencias.

“O Pazo de Malates é un dos edificios máis emblemáticos de Viveiro e atópase nunha situación de grave deterioro, que avanza a pasos agigantados”, di o grupo municipal do PP xa manifestou a súa preocupación polo estado deste inmovible, así como polo abandono ao que se atopa sometida a súa contorna.



## Viveiro reforzará a vixilancia no casco histórico

A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, e a subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, informaron que a Policía Nacional e Local reforzarán a vixilancia no casco histórico para garantir a seguridade de veciños e comerciantes desta zona da localidade. Fíxeron durante unha reunión celebrada no Concello para tratar a seguridade cidadá. Durante o encontro, a rexedora explicou que o Concello decidiu incrementar a presenza da Policía Local na zona do casco antigo co fin de intensificar a vixilancia en relación ao ocio nocturno. Froito do control policial, dende entón a Policía Local levantou un total de 103 actas de denuncias por consumo de alcohol en vía pública, das que só un 10,6% dos casos tiñan lugar no casco histórico. Ademais, durante o 2021 reduciuse nun 33% o número de infraccións por consumo de alcohol en vía pública e no 2022 non constan actas en relación a isto. Nesta liña, no último ano a Policía Local recibiu un total de 39 chamadas por queixas derivadas do ocio nocturno no casco antigo, das que a Policía atendeu o 94,8%. De estas intervencións policiais soamente en un dos casos foi necesario emitir unha proposta de sanción por incumprimento do horario de peche dun establecemento.

## 14 árbores de diferentes especies plantáronse no Pernas Peón

O Concello de Viveiro acaba de realizar unha primeira plantación de 14 árbores de diferentes especies no parque público Pernas Peón. Deste xeito, execútase unha parte das actuacións contempladas na zona 5 do proxecto que existe para este parque.

A plantación realizouse na zona sueste do parque, para o que, primeiramente, se procedeu á retirada do mobiliario existente que se atopaba en mal estado (bancos e mesas). Esta era a zona que se atopaba máis despoboadada, tras a tala que se levou a cabo por motivos de seguridade.

En concreto, plantáronse un castiñeiro de Indias vermello, un castiñeiro, un cedro do Líbano, unha árbore do amor, unha faia, un freixo, unha figueira, un ginkgo, unha árbore chuvía de ouro, un alerce, unha paulownia tomentosa, dous carballos e un serbal de cazadores. Tamén se realizou o entutorado de todas as árbores plantadas.

Para a execución destas actuacións investíuse unha parte do remanente da partida orzamentaria existente para a redacción do proxecto.

**PRÓXIMAS ACTUACIÓNS.** Das ac-



tuacións previstas nesta zona 5, quedan pendentes, entre outras, a plantación do céspede e doutras catro árbores, que se farán na primavera. De feito progresivo, continuarán executándose os traballos contemplados no proxecto, que se divide en cinco zonas, un camiño principal e unha praza central.

O orzamento para executar a totalidade do proxecto ascende a 1.268.028 euros, polo que está previsto realizalo en fases a medida que se dispoña de liquidez orzamentaria ou, se fora posible, a través dalguna subvención dos fondos Next Generation. Nese sentido, cabe sinalar que se contemplan varias zonas de actuación, preservando a esencia

tradicional do parque, co obxectivo final de mellorar a calidade deste espazo verde. O parque conta cunha superficie total de 3 hectáreas e é utilizado polos veciños e veciñas como lugar de descanso e esparcemento.

As diferentes intervencións que se pretenden levar a cabo teñen como finalidade a apertura visual dos bordes do parque, para preservar o carácter de espazo verde alleo ás construción e urbanización do entorno; a creación de novos usos; a creación dunha praza central ou a utilización da vexetación como elemento de unión entre as diferentes zonas para que os veciños e visitantes perciban o espazo como unha unidade

## Viaqua fixo entrega dun lote de xoguete ao Concello de Viveiro

A empresa concesionaria do servizo de auga municipal, Viaqua, fixo entrega dun lote de xoguete ao Concello de Viveiro.

Á recepción dos agasallos asistiron, ademais de representantes da empresa na vila, a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, e persoal dos Servizos Sociais do concello.

Os xoguete doados por Viaqua serán entregados aos nenos e nenas de ata 12 anos que forman parte dos diferentes programas de atención que se levan a cabo ao longo do ano dende os Servizos Sociais do Concello de Viveiro e que atenden as necesidades económicas, de educación, lecer e dan apoio psicopedagóxico ás familias.

“Dende o Concello de Viveiro non podemos estar máis agraecidos a Viaqua por doar estes xoguete un ano máis, e por manter unha colaboración que fala do compromiso desta empresa coa veciñanza da nosa vila nunha época do ano tan especial para todos, pero en especial, sen dúbida, para os máis pequenos”, subliñou a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro.

aciafozCCA.com

# FOZ

O comercio fai pobo  
*Compra na túa vila*

RECOÑECIMENTO ESPECIAL  
longa traxectoria empresarial e profesional  
unha muller referente no mundo do  
aprendizaxe da provincia de Lugo

ISLA SHOP  
«Mellor comercio de barrio»  
Premios Comercio Lugo

DECORACIONES PURA  
«Recoñecemento especial»  
Premios Son Muller Lugo

www.compraenFOZ.com

centro comercial aberto  
CCAFOZ

XUNTA DE GALICIA

Concello de Foz

## EN BREVE

**LUIS PIEDRAHITA.** O sábado 6 de maio ás 20.00 horas Luis Piedrahita presentará na casa da cultura de Burela o seu novo monólogo, *Es mi palabra contra la mía*. Un espectáculo cheo de enxeño e tenrura no que Luis analiza por que ninguén está contento co que lle tocou. As entradas xa están á venda. Serán temas de fondo calado existencial como as cellas negras das señoras maiores, o medo ao váter alleo ou o amor verdadeiro. Profundas reflexións de voo gallináceo e improvisacións meticulosamente ensaiadas.

**ACIA BURELA.** A Asociación de Comerciantes, Industria e Autónomos comunicou os gañadores do Concurso de escaparates Nadal de hostalería e comercio. Así, na categoría hostalería e alimentación, os gañadores foron La Dulce Molienda e Panadería Hucar. E na categoría comercio os agasallados foron Nora Moda Complementos e El Bazar de Tere.

## Case rematada a segunda fase da mellora da rúa dos Matos

En moi pouco tempo rematará a segunda fase da mellora da rúa dos Matos, segundo deu a coñecer o concelleiro de Obras, Ramiro Fernández. O edil contou que “a mediados de decembro comezaron as obras de renovación do pavimento nos arredores do pavillón polideportivo, na rúa dos Matos. Isto vén completar unha primeira fase que xa se fixera co primeiro tramo da rúa cando renovamos tanto a banda de rodadura como os servizos que había alí, porque nos estaban dando moitos problemas de fugas de auga”.

Fernández Rey explicou “agora que xa está feita esta segunda fase, que consistiu na mellora dunha zona que é de formigón, que se atopaba bastante deteriorada e que daba mala imaxe. Quixemos así mellorar a seguridade e o firme daquela



zona”. O concelleiro de Obras indicou que “os traballos consistiron na renovación do firme e aproveitando a obra procedeu á renovación da rede de abastecemento de auga como a rede de alumado. A primeira actuación que fixemos quedará com-

pletada con esta segunda fase. Na que tan só falta o pintado do chan”. Ramiro Fernández dixo que “o investimento ascende a 60.413 euros, a empresa que está facendo a obra é BCNOR, que é a que gañou o concurso público para facer este traballo”.

## O PP pide que “se cumpran as promesas e acordos”

O PP agarda que “o Goberno do señor Llano cumpra para este ano as promesas e acordos polo ben dos veciños e veciñas do nosa vila”. O voceiro do PP de Burela, Manuel Rouco, sinala que “o goberno socialista non dá explicacións sobre os seus sistemáticos incumprimentos”. O popular cita, por exemplo, “a promesa durante a campaña das municipais do 2019 de construír un novo pavillón de deportes que fora moi sonada”. Tamén apunta Rouco que os socialistas se comprometeran a construír un polígono industrial para Burela, o único Concello da costa da Mariña que non ten parque empresarial. Tamén manifestaran o seu compromiso para arranxar a grada do campo de fútbol da Marosa, pero xa imos polo terceiro intento de licitación das obras co seu terceiro proxecto aparelado e o seu correspondente incremento de gasto.



## O taller de cerámica da Fundación Eu Son xa ten a súa tenda online

O alcalde, Alfredo Llano, e as concelleiras de Servizos Sociais e Igualdade, Carmela López e Noelia M<sup>a</sup> Ben, visitaron as instalacións do taller de cerámica. Carmela López lembrou que “Cerámica Eu Son é o taller do centro ocupacional desta Fundación, na que se elaboran produtos de forma totalmente artesanal e con moito cariño. As súas creacións son o resultado do moito esforzo, da dedicación e da constancia coa que traballan estas persoas. Este taller favorece a súa mobilidade e fomenta a creatividade e a imaxinación, promovendo deste xeito a súa inclusión”.

David, Miguel Ángel, Pablo, Lúa, Miriam, Elena, Lucía, Cristina, Diego, Alexander y Dani son os artistas que conforman o taller de Cerámica Eu Son, dirixidos por

Juan Eijo Quelle, que os guía e os acompaña en todo o proceso de creación.

Entre os produtos que se poden atopar en Cerámica Eu Son hai colgantes, chaveiros, queimadores de esencias ou pezas para decorar calquera recuncho da casa. Tamén elaboran detalles para vodas e outros eventos, de forma personalizada. Todos os seus produtos contan co selo de Artesanía de Galicia, e poden atoparse no seu punto de venda físico no centro ocupacional da Fundación Eu Son en Burela ou agora a través da súa web: [www.ceramicaeuson.es](http://www.ceramicaeuson.es)

A concelleira de Servizos Sociais dixo que “mercando a súa cerámica estaremos axudándolles a seguir creando, medrando e innovando”.

## O Concello burelés realizou melloras no parque situado a carón do hospital

O Concello realizou diversas melloras no parque situado a carón do Hospital Público da Mariña. Ata alí se achegaron o alcalde, Alfredo Llano, e a concelleira de Medio Ambiente, Toñi Eijo.

A edil burelesa explicou que “tentamos darlle colorido a esa zona na que colocamos diversas plantas pensando nos usuarios e usuarias do Hospital Público da Mariña e sobre todo nos seus acompañantes, para que cando saian tomar o fresco ou estirar as pernas poidan desfrutar do parque e das melloras que alí fixemos. Pensamos que agrandan o interese dese parque”.



Toñi Eijo engadiu que “estes traballos no parque do Hospital únense aos que se foron facendo nos últimos meses noutros emprazamentos

similares do noso concello para que toda a veciñanza, nen@s e maiores, poidan gozar dos nosos parques nas mellores condicións posibles”.

## Confirmacións do Osa do Mar 2023

O Festival Osa do Mar de Burela confirmou a súa celebración para o vindeiro 2023 e que será os días 1 e 2 de setembro.

Tamén anunciaron as primeiras confirmacións que actuarán en Burela nesta novena edición e que son Bala e Lúa Mosquera, Caamaño & Ameixeiras, Carlangas, Fillas de Cassandra, La Paloma, Sexy Zebras e Shego.

Así mesmo anunciaron que están a venda os abonos de 2 días a un prezo de 25 euros.



**ALFOMBRA DE NADAL.** Os membros de Alfombras Florais de Burela estiveron a confeccionar unha pequena alfombra de Nadal para desexar a toda a veciñanza unhas boas festas.

## Concello e SAF formarán aos interesados en ser auxiliares

O Concello de Burela e a empresa que presta o SAF, Dependencia Idades SL, formarán a aquelas persoas interesadas en traballar como auxiliares de axuda no fogar. Esta é unha das melloras que contempla a nova concesión. Representantes desta firma mantiveron un encontro coa concelleira de Servizos Sociais, Carmela López.

A edil burelesa explicou que “mantivemos unha xuntanza coa nova empresa do SAF, Dependencia Idades SL, que foi a que gañou a licitación e que xa está en funcionamento no seu novo local en Burela. Conta con 24 auxiliares, unha coordinadora e unha administrativa. O SAF presta atención neste momento a 77 usuarios e usuarias”.

Carmela López contou que “no encontro falamos das melloras a introducir en podoloxía, perruquería e fisioterapia a domicilio, para aqueles



casos máis dependentes”.

A concelleira de Servizos Sociais subliñou que “o máis destacado que contempla o contrato é a formación a cargo da empresa en colaboración co Concello de Burela para que todos os veciños e veciñas interesados poidan prepararse para ser auxiliares de axuda no fogar. Trátase dunha oportunidade laboral, que agardamos teña boa acollida. A for-

mación está prevista para o primeiro trimestre do vindeiro ano e será no Centro de Formación Ocupacional do Concello de Burela”.

Ao encontro asistiron por parte da empresa: Elvira Somoza (traballadora social), Víctor Durán, Libertad Fraga e Lorena Pardo e polo Concello de Burela Loli Rodríguez (traballadora social) e Carmela López, concelleira de Servizos Sociais.

## Instaladas as mesas de xadrez na rúa burelesa de Rosalía de Castro

Xa están instaladas as mesas de xadrez na rúa Rosalía de Castro. O alcalde, Alfredo Llano, dixo que o Concello organizará partidas simultáneas e campionatos. O rexedor declarou que “coa instalación destas mesas de xadrez e damas o que queremos é mellorar as alternativas de ocio, de deporte e de cultura por todo o pobo. Vimos de instalar catro mesas: dúas na rúa Rosalía de Castro, unha na Praza da Mariña e outra no parque a carón do hospital”.

Llano indicou que “Imos ver qué repercusión teñen, o seu rendemento e o seu uso para ir ampliando esta oportunidade. A nosa idea é organizar unhas partidas simultáneas con algún experto para darlle solidez a



este proxecto”.

Alfredo Llano e a concelleira Toñi Eijo visitaron os lugares nos que foron instaladas as mesas de xadrez en Burela.

## Rematadas as obras na rúa da Capela, na Vila do Medio

Rematadas as obras na rúa da Capela, na Vila do Medio, na que se investiron 120.000 euros. O rexedor, Alfredo Llano, declarou que “realmente quedou perfecta e é un gusto pasar por esa rúa, onde se colocou o adoquinado, que quedou perfecto, e tamén se fixo unha renovación na rede de abastecemento de auga, substituíndo tanto acometidas como canalizacións, ademais dos separativos de augas residuais e pluviais. Isto era

moi necesario e esperemos que vaia para moito tempo”.

Llano dixo que “nesta zona tan singular como é Vila do Medio, onde está a capela e tamén hai cuestións etnográficas, como unha serie de hórreos, nun deles vamos conveniar co seu dono para fortalecer esas visitas etnográficas a Vila do Medio para visualizar e gozar do que é un bo patrimonio de Burela, e sobre todo desa zona concreta. Así que animo a todo o mundo a

que vaia ata alí e vexa con toda claridade a mellora total que se fixo nesta zona, que era moi merecida polos veciños e polas veciñas e ao mesmo tempo creo que lle dá unhas posibilidades urbanísticas e de convivencia maiores”.

O alcalde burelés engadiu: “fíxose un investimento duns 120.000 euros, que eu penso que foron moi ben empregados e que realmente cumpriron as expectativas que tiñamos para esa obra”.



**ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.** Valoración moi positiva das usuarias e usuarios tras a creación das escolas deportivas municipais para xente de máis de 60 anos. A concelleira burelesa de Servizos Sociais e Deportes, Carmela López, explicou que “xa están agardando o comezo das clases deste ano 2023. Na actualidade o noso técnico de deportes adestra a tres grupos que acoden dous días á semana, unha hora cada día”.



**GEOCLIMA ST**  
CLIMATIZACION - FRIO INDUSTRIAL  
ENERGIAS RENOVABLES - CALEFACCION



**INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO**

  
REFRIGERACIÓN

  
CALEFACCIÓN

  
SOLAR TÉRMICA

  
BIOMASA

**SOLUCIONES PARA:**

- Comunidades
- Garajes
- Hipermercados
- Hospitales y clínicas
- Hostelería
- Instalaciones Agropecuarias
- Locales comerciales
- Naves Industriales
- Oficinas
- Salas informáticas
- Turismo Rural
- Vivienda residencial

**REALIZAMOS:**

- Climatización
- Ventilación
- Instalaciones térmicas
- Protección contra incendios
- Maquinaria de Hostelería
- Calefacción
- Suelo Radiante
- Refrigeración
- Pailas para chimeneas
- Recuperadores de calor
- Calderas

Rúa das Mercadorías, 121 - Pol. Industrial O Ceao. 27003 - Lugo  
982 814 147 / 636 462 063 [www.geoclimast.com](http://www.geoclimast.com)

*Belleza*

SIEMPRE, EL MEJOR REGALO

ACIERTA CON LAS TARJETAS REGALO DE SKEYNDOR



ESTE SAN VALENTÍN  
REGALA BELLEZA

*Dermoterapia  
Centro de Estética*

Foz  
Cita Previa:  
664 527 486



## O PP reclama ao Goberno do BNG a contestación á Asociación de Veciños de Ove

O grupo municipal popular de Ribadeo reclama ao goberno do BNG a contestación a un escrito presentado pola Asociación de Veciños de Ove en relación ás necesidades máis urxentes da parroquia ribadense.

Para os populares é a obriga dun representante público estar en contacto e dar respostas aos problemas que teñen os veciños, e sobre todo nas parroquias que están totalmente abandonadas.

O escrito foi enviado pola Asociación de Veciños de Ove o 6 de xullo deste ano, e ata o momento non hai resposta por parte do goberno do BNG. “Son oito puntos nos que se reclama unha serie de inversións na parroquia e solucionar problemas do día a día que acontecen nela” din dende o PP.

O escrito establece que o día 5 de xullo de 2022 celebrouse unha Asemblea Xeral da Asociación para remitir as demandas presentadas polos veciños. Entres elas está a necesidade urxente da conexión á rede de sumidoiros nos barrios do Chao, Eirexa e Santa Cruz, o empalme na canali-

zación que abastece de auga á area recreativa de Santa Cruz para instalar unha canalización que de servizo ás vivendas que non lles chega a auga. Por outra banda, expoñen tamén a urxencia na reparación de pistas, asfalto e limpeza de cunetas en diferentes camiños das parroquias, a colocación de dous puntos de luz en estradas moi frecuentadas, pintar o muro do cemiterio, o selado do pozo da fonte do Valín pola perda de case toda a auga que recibe, levar a debate o cambio do nome do barrio da Chousa que co cambio realizado polo Concello pasou a denominarse simplemente Ove e a limpeza e acondicionamento do camiño que vai desde a casa da Carballeira ata a rotonda da Vilavella.

**APARCADOIROS.** O PP reclama a construción de aparcadoiros públicos para a vila e denuncia a actitude de total abandono do Concello neste asunto. Neste sentido, o que piden é un aparcamento en condicións con pavimentación que permita as zonas de tránsito.

## A veciñanza manifesta o seu malestar polo abandono do parque biosaudable de maiores



A veciñanza de Ribadeo volvea manifestar as súas queixas polo abandono do parque biosaudable de maiores que hai no aparcadoiro público municipal. Segundo eles, “o mobiliario urbano de Ribadeo están desfeito”.

“Dende que o alcalde Fernando Suárez entrou no Concello, nunca se preocupou deles”, engadiron, mentras amosan a súa preocupación e “ven un perigo o seu estado”.

Xa en febreiro de 2022 o Partido Popular fíxose eco destas queixas e advertía que o Goberno local do BNG ten en “total abandono o parque biosaudable”, un exemplo máis da “falta de mantemento nos espa-

zos públicos que é evidente no día a día”, dicía a vicevoceira popular Elena Sierra.

A popular subliña que “é un parque moi usado pola xente maior e, sen ir máis lonxe, a semana pasada un dos nosos veciños trasladounos as súas queixas por cortarse nun dos aparellos”. Nese sentido, considera que “é un perigo” porque “moitos aparellos están en pésimas condicións”.

A vicevoceira do Grupo Municipal Popular agarda que o goberno local dispoña de seguro en vigor ante a posibilidade de que “suceda calquer accidente que pase dunha simple cortadura”.

## Suárez Barcia non se presentará ás vindeiras eleccións municipais

O alcalde nacionalista, Fernando Suárez Barcia, comunicou nunha rolda de prensa celebrada o 17 de decembro, que non se presentará como candidato ás vindeiras eleccións de maio 2023. Será Pablo Vizoso Galdo, o tenente de alcalde e concelleiro de Economía, Desenvolvemento Local e Turismo, quen encabece a candidatura do BNG para maio.

Así, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Ribadeo convocou aos medios ao Parador de Turismo para comunicarlles a súa decisión de cesar no cargo ao final da lexislatura e non volver presentarse.

Estes rumores xa se viñan sucedendo dende fai días na comarca e xa se plantexaron noutras ocasións na organización do BNG, pero nesta ocasión son definitivos.

Polo momento descoñécese se Sú-



rez Barcia regresará á súa praza na administración pública de Vegadeo. Fernando Suárez é alcalde do Concello de Ribadeo dende o ano 2007, cando sucedeu a Balbino Pérez Vacas, do PSOE. Obtivo coa súa formación un 30,77% dos votos totais nas eleccións municipais celebradas ese ano, sendo a forza política máis votada e ocupando catro escaños no Concello (sobre 13), cos que formou

grupo de Goberno.

No 2011 revalidou o seu cargo con maioría absoluta (7 escaños de 13 ata 2015, 10 de 17 de 2015 a 2019, 7 de 13 de 2019 en diante).

**BNG DE RIBADEO.** O BNG agradeceu o inmenso labor levado a cabo por Suárez Barcia e mostra todo o seu apoio ao candidato á alcaldía, Pablo Vizoso Galdo.

## O Concello quiere crear un centro de interpretación no Forte de San Damián



O Concello vén de pedir unha subvención ao abeiro dos fondos NextGenerationEU e do mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento (UE) 2021/241 co fin de crear un centro de interpretación no Forte de San Damián. Chamarase Ribadeo cara ao mar.

A concelleira de Obras, Mónica Freire, dixo que “dende o Concello de Ribadeo eliximos o forte de San Damián para a instalación dun Centro de Interpretación, pola súa importancia histórica e cultural, declarado en 1949 como BIC (Ben de Interese Cultural). A edil ribadense manifestou que “ademais, no ano 2024 faranse 400 anos da súa existencia, unha efeméride que será obxecto de celebración con diferentes actividades”.

Freire Rancaño subliñou que “o principal obxectivo deste proxecto é desenvolver e difundir o coñecemento do patrimonio cultural,

histórico, natural, inmaterial e arqueolóxico do Concello de Ribadeo vinculado ao mar. Con este fin exporase a materialización dun espazo onde se poña en valor o devandito patrimonio e que, paralelamente, permita asomarnos á valiosa contorna natural e cultural onde se localiza”.

**PP.** Os populares esperan que a noticia da subvención non quede nunha promesa electoral ou promoción política. O grupo municipal popular de Ribadeo recibe a noticia como “unha boa nova” pero apuntan que “non era sen tempo”. A coordinadora de promoción local dos populares, Marta Saiz explica que “despois de preto de 20 anos anuncian que pediron unha subvención, levoulles 20 anos pero déronse conta, ou quizais lles fixeron dar conta da importancia deste edificio para Ribadeo”.

## Marta Rey volverá como candidata socialista á Alcaldía



A secretaria de organización e voceira da agrupación socialista de Ribadeo, Marta Rey, avanza que volverá a concorrer como cabeza de lista ás eleccións municipais por Ribadeo.

Marta Rey convocará nas vindeiras datas, tal e como marca o regulamento do PSdeG, unha asemblea con tódolos militantes na que abordarán a situación do municipio, o proxecto dos socialistas para impulsar o desenvolvemento social e económico dos veciños e veciñas de Ribadeo, así como a súa proposta para ser a candidata do partido nas vindeiras eleccións municipais. “Quero seguir traballando e loitando polo futuro dos veciños do meu concello e da miña comarca. En Ribadeo hai moito por facer. Estou convencida de que nas vindeiras eleccións seremos o partido que lle dea o empuxón progresista que Ribadeo merece”, remarcou a socialista.

## Licitadas as obras de mellora do hangar de piragüismo

O Concello acaba de licitar as obras de mellora e ampliación do hangar de piragüismo, que suporán un investimento de máis de 50.000 euros e un prazo de execución de 5 semanas.

Fai un par de semanas asinou un convenio de colaboración coa Área de Deportes da Deputación de Lugo para axudar no financiamento destas obras de mellora e ampliación do hangar de piragüismo.

Con este proxecto contémpanse melloras importantes para ter unhas

instalacións cómodas e modernas e inclúe loxicamente vestiarios e duchas con auga quente.

Así mesmo, acábbase de publicar na Plataforma de Contratos do Sector Público a licitación destas obras, que ascenden a 50.889 euros e contan cun prazo de execución de 5 semanas. As empresas cualificadas para executar esta obra teñen acceso a toda a documentación nesta web ou na do propio Concello de Ribadeo e teñen un prazo de presentación de ofertas de 20 días naturais.

## O punto limpo móbil segue o seu percorrido polas parroquias

Vilaselán foi a primeira parada do punto limpo móbil. Así, do 12 ao 26 de xaneiro estará situado no campo da festa de Piñeira; do 26 de xaneiro ao 9 de febreiro na área recreativa de Vilaframil; do 9 ao 23 de febreiro estará no Círculo Habanero na Devesa; do 23 de febreiro ao 9 de marzo no campo da festa en Santalla de Vilausende; do 9 ao 23 de marzo a carón da escola de Couxela; do 23 de

marzo ao 5 de abril na escola de Cedofeita; do 5 ao 20 de abril a carón da escola de Couxela; e do 20 de abril ao 4 de maio no teleclub de Arante.

Unha vez rematada esta primeira quenda en maio, seguirá a segunda rotación na mesma orde e así ata principios do 2024. O calendario xa está feito e comezou a aplicarse. Tamén se colocou un punto limpo de proximidade en Rinlo.

## Por Nuestro Faro pide que parte da illa sexa BIC



A asociación de veciños Por Nuestro Faro dirixiuse ao Concello de Ribadeo para pedir que se inicien os trámites para que certas partes do faro de Illa Panxa sexan declaradas Bens de Interese Cultural (BIC).

“En efecto, sabemos da existencia de distintos documentos onde se asegura que a escaleira de caracol e o balcón circular da lanterna serían pezas construídas nas Antigas Forxas Artesanais de Sargadelos, a principios do século XX”, din dende o colectivo. Por esta razón “propoñemos que o Concello inicie os trámites correspondentes para que ditos elementos sexan declarados BIC de acordo coa lexislación vixente e as competencias exclusivas dá Xunta de Galicia na materia,

se así son recoñecidos”, engaden. Neste caso a súa relevancia cultural e social “estaría fora de toda discusión e a súa contemplación e estudo non debera quedar restrinxida aos usuarios dos apartamentos turísticos actualmente concedidos”.

Trátase polo tanto “dun dereito dos veciños e visitantes conculcado polo procedemento que conduciu á privatización do Faro e da Illa Panxa sen un estudo polo miúdo dous antecedentes históricos e culturais deste equipamento e que debe ser restituído para que as persoas interesadas poidan visitar estas pezas da arquitectura tradicional galega sen máis limitacións que as establecidas pola normativa vixente.”, din os ribadense.

## EN BREVE

**MARQUESIÑAS.** O Concello vén de instalar catro marquesiñas en Vilaselán e na Devesa. O investimento ascendeu a 11.500 euros, segundo deu a coñecer o edil de Medio Rural, Marcos Villamil. concelleiro ribadense explicou que “as colocamos nas paradas do bus escolar, atendendo ás demandas da veciñanza desas parroquias”. illamil subliñou que “o que intentamos foi dar unha resposta rápida ás devanditas demandas porque entendemos que son cuestións importantes para que as nenas e os nenos conten cun lugar de resguardo para esperar polo autobús que os recolle para levalos aos seus centros de ensino”. O edil de Medio Rural indicou que “as instalamos esta mesma semana, logo de que os operarios de obras do Concello fixesen as bases para a súa colocación”.

**CONCERTO.** Ribadeo acollerá un concerto de Reis a cargo da Orquestra de Cámara Galega o vindeiro 13 de xaneiro. Esta cita cultural será ás 20.45 horas na igrexa parroquial de Ribadeo, e ademais de desfrutar da Orquestra que estará dirixido por Rogelio Groba Otero, poderase escoitar á Coral polifónica de Ribadeo.

**HR**

*Hijos de Ramón Rubal*

**COMPRAMOS MADERA PINO Y EUCALIPTO**

**982 55 86 00**

**ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL**

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

[www.hijosderamonrubalsl.es](http://www.hijosderamonrubalsl.es)  
[alfoz@hijosderamonrubalsl.es](mailto:alfoz@hijosderamonrubalsl.es)

## Segue o acondicionamento da zona de San Cosme

O Concello continúa coas obras de adecuación dun espazo que ata hai dous anos era completamente residual e que agora conta cunha pista multideporte, que será complementada con máis espazos para uso da veciñanza, especialmente a máis nova.

A área de Medio Rural da Deputación colabora economicamente neste proxecto; tras a denegación da axuda de infraestruturas da Xunta de Galicia.

A alcaldesa, Ana Ermida, explicou que “esa parcela municipal estaba nun completo estado de abandono, nunha zona onde hai concentración de poboación, xa que están as vivendas sociais e máis o colexio público e decidimos adecuala para o disfrute de ocio da poboación.” A rexedora explicou que comezaron coa colocación dunha zona de

compostaxe comunitario, tamén coa colaboración de Medio Rural da Deputación; colocaron unha pista multideporte por medio da colaboración coa secretaria xeral de deportes da Xunta e agora continúan adecentando esa zona que, sen dúbida, pasará a converterse nun dos centros da parroquia, pola súa ubicación e proximidade aos espazos onde reside e socializa a xente, ao estar próxima ao único parque infantil existente no núcleo e a unha zona de paseo habitual coma O Xuncal.

As actuacións contemplan ademais a inclusión de elementos coma beirarrúas, alumeados e pintado da rúa para o uso como espazo de ocio en condicións de seguridade, contribuído á socialización con independencia da idade.

## Vaise arranxar un camiño en Matomaioir



A alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, pídelle ao portavoz do Partido Popular “rigoriedade e seriedade na súa labor municipal, agora que está na oposición; xa que non as tivo cando estaba no goberno.” A rexedora realizou estas declaracións tras coñecer un comunicado de prensa no que Gómez Puente pide priorizar o arranxo dunha vía municipal en Cabarcos que está proxectada arranxar desde inicio do 2022.

Ana Ermida explicou que “ese camiño, que leva desde que o actual portavoz da oposición estaba no goberno sen arranxarse, está incluída no proxecto de arranxos viarios do Plan Único do 2022.” A alcaldesa explicou que o proxecto se elaborou en febreiro do 2022 e “licitouse por primeira vez en xuño dese mesmo ano, pero debido ao incremento nos prezos, a licitación quedou deserta e tívose que modificar o proxecto en set-

embro e volverse a licitar, adjudicándose o 16 de novembro.” “Se o portavoz da oposición fixese o seu traballo e se molestase en mirar os expedientes e as actas dos órganos colegiados ás que ten acceso, vería que ese viario xa ten proxecto e que se comezará a arranxar á volta do parón de nadal que fan as empresas de construción.”

**MATOMAIOR.** O edil de obras, Antonio Veiga, manifestou que “ese camiño, unha pista da concentración parcelaria foi unha das prioridades na planificación de arranxo de viais, tal como se falou cos veciños afectados xa no seu día, e vai actuarse nel realizando unha forte inversión, pois dado o estado en que o deixou José Manuel Gómez cando estivo no Goberno municipal, agora hai que facer unha intervención de calado con limpeza de cunetas, entre outros traballos”.

## O Concello conta con puntos de carga de madeira a carón das vías

O equipo de Goberno vén de realizar actuacións importantes para o sector forestal, continuando na senda iniciada de colaboración co sector para o arranxo de vías e a habilitación de espazos para a carga de madeira.

A habilitación dos cargadoiros era unha compromiso do actual goberno que foi compartido no seu momento pola Asociación de empresarios de primeira transformación de Lugo, coa que o Concello barreirense ten un convenio que inclúe o arranxo de vías forestais e mantén relacións constantes para mellorar as infraestruturas adicadas a corta e saca de madeira nos montes do municipio, que tamén trasladou dita demanda. A alcaldesa, Ana Ermida, quixo pór en valor “esta actuación pioneira, sendo probablemente o único concello galego que sinalou áreas destinadas á carga de madeira para facilitar a convivencia das actividades no rural.” Ermida tamén manifestou que estas e outras actuacións son exemplo da “colaboración que iniciamos coa Asociación, que agrupa



á maioría de empresas que operan no territorio, e que nos permite un diálogo continuo que redundará na mellora dos servizos que se ofrecen para o sector forestal e para as persoas propietarias de madeira; así como á poboación usuaria das vías municipais.”

O edil de medio rural, Dámaso Ratoeira, explica que se elixiron 10 fincas titularidade do Concello para o almacenamento e carga da madeira que se corta para facilitar ditos traballos e mellorar a seguridade

viaria nos puntos afectados, xa que se evita a ocupación dos viais públicos con vehículos que realicen ditos traballos.”

Xunto cos responsables municipais visitaron algún dos puntos habilitados representantes das empresas de primeira transformación, que valoraron moi positivamente estes traballos que, “por pequenos que parezan, melloran as condicións da saca de madeira e, sobre todo, inflúen nunha mellor convivencia do sector coa veciñanza.”

## Barreiros aposta polo fomento de emprego de persoas con discapacidade



Asinouse un novo convenio para fomentar o emprego das persoas con discapacidade no municipio barreirense, así, o rubricaron a alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida e a coordinadora de Desenvolvemento e Xestión de Medios e directora en funcións de Inserta Emprego Galicia, Beatriz Gallego. Este acordo dá continuidade á senda de colaboración que o municipio barreirense vén mantendo coa fundación dependente do grupo ONCE, en base á que xa se teñen realizado accións formativas de inserción laboral durante este 2022.

O novo convenio establece un marco de colaboración entre ambas entidades mediante a que se deseña-

rá e executarán accións específicas, especialmente para a xente moza, coa finalidade de impulsar a incorporación ao mercado laboral. As accións prevén tamén a comunicación con empresas da zona para fomentar a contratación destas persoas e facilitar o emprego de calidade. Beatriz Gallego, considerou esta sinatura como un “paso adiante na atención a este colectivo ao ser os concellos os que mellor coñecen as necesidades dos cidadáns, ao ser a institución máis próxima a eles.” Polo que Gallego manifestou tamén que se trata de sumar esforzos e compartir recursos que se traducirá na mellora da empregabilidade das persoas con discapacidade”.

## A Asociación San Rosendo, de Barreiros, organiza a II Festa do Caldo



A Asociación San Rosendo, do Concello de Barreiros, organiza para o vindeiro 28 de xaneiro a II Festa do Caldo. Esta cita gastronómica e festiva será nos colexios vellos de San Miguel e os tiquets xa están á venda nos locais de San Miguel ata o mesmo día da celebración ou a membros da comisión.

A festa será a partir das 21.00 horas e contará cun menú a base de caldo, cocido, pan, auga e viño por un prezo de 14 euros, ademais Verónica Cambón porá a nota musical ás 23.00 horas.

# Co ano novo, seguen as obras de melloras

O Concello de Barreiros está inmerso en tarefas para mellorar e acondicionar as infraestruturas existentes

O Concello iniciou o proceso para adxudicar as obras de renovación das tubaxes de auga potable que atravesan parte do núcleo de Vilar cara A Barcelá.

Estas obras, que se executan ao amparo dun convenio asinado entre o Concello e a área de Medio Rural da Deputación, consistirán na renovación total da tubaxe principal -actualmente de fibrocemento- e a preparación das acometidas a inmobles.

O importe total das mesmas ascenderá a 44.993,34€ euros; dos que a área de Medio Rural da Deputación aporta 42.743,67€ e o Concello, 2.249,67€. A continuación das mesmas, procederase tamén ao aglomerado do viario, cun investimento de máis de 60.000€.

A alcaldesa, Ana Ermida, explica que “son unhas obras moi necesarias nunha zona que está medrando e na que se están construíndo novas vivendas unifamiliares, polo que contar cuns servizos de calidade é fundamental para que ese asentamento da poboación en pequenos núcleos sexa permanente e cuns estándares de calidade.”

A rexedora puxo en valor que o investimento total que se realizará entre ambas actuacións supera os 100.000 euros, o que é posible exclusivamente grazas á busca permanente de colaboracións con outras administracións.

Ermida tamén quixo pór en valor a previsión e planificación coa que se realizan as obras “xa que noutras épocas o que se tería feito sería aglomerar o viario, que é o que se ve, sen pararse a pensar o que vai por debaixo. Isto, que xa ten pasado noutras ocasións, suporía un contrasentido; ao ser probables as continuas roturas dunha tubaxe que, por material e antigüidade, non estaría preparada para soportar o peso do novo firme.”

**BARRANCA.** Tamén veñen de asinar un convenio de colaboración coa área de Medio Rural da Deputación para levar a cabo actuacións de mellora do depósito de abastecemento de auga potable situado na Barranca, en San Miguel de Reinante.

A concelleira de Saúde Pública, Montse Porteiro, explicou que “as melloras consistirán na dotación dun centro de transformación completo, adaptando as instalacións ás normas de obrigado cumprimento. Ao mesmo tempo, realízase unha actuación moi importante e fundamental para a eficiencia no aproveitamento da auga potable, como é a impermeabilización dun dos vasos que compoñen o depósito e que leva

anos de perdas importantísimas que supoñen un gasto e unha redución de calidade no servizo, por ter que estar pechado habitualmente.”

Para realizar estas actuacións contan cun orzamento total de 40.656,53 €, dos que a Deputación aporta 33.400 euros e o Concello, 7.256,53€.

A alcaldesa, Ana Ermida, insiste na “necesidade e a importancia destas actuacións de mellora, que permiten que Barreiros sexa un Concello máis eficiente no servizo de abastecemento e remata cunha eiva existente no depósito da Barranca desde hai moitos anos e que era obxectivo deste goberno municipal.”

Porteiro sinalou que con esta intervención “conseguíase aumentar o subministro desde este depósito o que provoca maior subministro de auga de calidade -xa que esta auga supera en calidade á da ETAP principal de Celeiro-; baixar o custo que supón o servizo ao concello, xa que



## Vaise arranxar a pista de pádel cunha achega da Deputación provincial

O equipo de Goberno vén de conseguir o financiamento da área de deportes da Deputación para o arranxo e mellora da pista de pádel, co que se poderá proceder á súa reapertura.

As instalacións permanecen pechadas tras detectarse un problema estrutural que conlevou a emisión dun informe técnico no que se advertía da perigosidade do uso das mesmas. En base a dito informe, o goberno encargou un proxecto para o seu arranxo e buscou financiamento para poder levar a cabo ditas obras; ao tempo que inclúe outras melloras que farán as instalacións máis accesibles. A alcaldesa explica que o investimento ascenderá a 56.126,33 euros, dos que o ente provincial aportará 53.320,01 euros e o Concello de Barreiros os 2.806,32 euros restantes.

Ana Ermida sinalou que “no proxecto redactado polos servizos técnicos municipais, ademais de subsanar os defectos existentes, aprovéitase para dotala de servizos para persoas con capacidades diferentes, converténdoa así no primeiro espazo deportivo incluso do concello de Barreiros. Ademais, inclúense as actuacións precisas para de facilitar e modernizar a xestión do uso desta instalación



deportiva, instalando un sistema telemático de xestión de acceso que a converta en máis accesible dun xeito áxil e sinxelo para as persoas usuarias. E, por último, pero non menos importante, e en consonancia coa redución de gastos enerxéticos e a implantación do autoabastecemento que persigue o goberno municipal, proxéctanse as obras necesarias para poder acoller na instalación un sistema de placas solares que permitan o abastecemento enerxético da instalación, de xeito que nun futuro próximo poida converterse nun edificio municipal enerxeticamente sustentable.”

O concelleiro de dinamización, Dani García, encargado da área de deportes, agradeceu a “colaboración para poder realizar este inves-

timento nunha instalación que, tal e como se atopaba era imposible utilizar sen poñer en risco a quen a usase”. O concelleiro quixo tamén recalcar a importancia da implantación do sistema de xestión de reservas mediante unha aplicación que permite ver en todo momento a ocupación da pista; realizando unha xestión da mesma de xeito transparente e que implica igualdade de oportunidade de acceso ao seu uso para toda a poboación, democratizando e popularizando, polo tanto, a práctica deportiva en dita instalación.”

O prazo de execución da obra, segundo as previsións dos servizos técnicos que elaboraron o proxecto, estímase en nove meses desde a acta de comprobación de replanteo da obra.

ao ser de maior calidade necesita menos tratamento, e ademais desde esta captación non é necesario ningún bombeo xa que discorre en toda a rede por gravidade incrementando así a sustentabilidade do servizo e a súa eficiencia.”

Estes investimentos veñen a sumarse a outros realizados como a renovación de redes de abastecemento de fibrocemento, como a de Remior, Áspera ou Vilar; cambio de chaves en completo deterioro ou dotación das estacións de tratamento e bombeo que material de tratamento e medicións. As actuacións realizadas no servizo de abastecemento de auga potable superan nestes tres anos e medio os 600.000 euros.

**PISTAS EXTERIORES.** O Concello está a mellorar o equipamento existente en pistas deportivas exteriores e dotar do mesmo aos espazos nos que non existía. O goberno barreirense, no afán de mellorar a calidade de vida da veciñanza con independencia de onde resida, puxo en marcha actuacións de reparación e reposición de elementos como canastras ou porterías en espazos exteriores en todas as parroquias.

Ademais dos traballos xa realizados por persoal municipal en pistas como as de San Miguel, Benquerencia, San Bartolo, Celeiro ou A Rilleira; vén de asinar un convenio coa área de Mocidade da Deputación, cun importe de 13.000 euros para dotar de mobiliario novo aquel que non pode repararse ou en lugares onde se carece do mesmo.

Os investimentos novos consistirán na adquisición de tres xogos de canastras que se instalarán nas pistas de Reinante, San Bartolo e San Xusto; e catro porterías para colocar en Cabarcos, Vilamartín Grande, San Xusto e Gondán. Deste xeito, explicou Dani García, concelleiro de dinamización “en todos os lugares e parroquias hai algún tipo de equipamento para que as nenas e menos poidan entreterse e realizar actividade deportiva ao aire libre que, despois dos anos de pandemia, demostrou ser una actividade saudable e para a que existían deficiencias, especialmente nos núcleos máis pequenos.”

Estes traballos de reposición do novo equipamento realizaranse nas vindeiras semanas, para completar os de reparación daquel material que foi posible que xa se viñeron realizando nos últimos meses e continuar noutros espazos que están pendentes de arranxar.

## Xa hai gañadores do XV Concurso de tapas



O Concello de Mondoñedo fixo entrega un ano máis dos premios do XV Concurso de tapas celebrado os días 25, 26 e 27 e no que participaron unha ducia de locais de hostalaría mindonienses como son Cervecería Abadía, A Bodeguíña, O Petisco, O Paliq, O Rincón de Mondoñedo, Amencer e Daira. Así, o primeiro premio foi para o Restaurante O Paliq coa tapa Conserva do Paliq, o segundo

tamén para o O Paliq pero coa tapa Lura do Monte, e o terceiro para a Viñoteca O Petisco coa tapa Andares da Terra de Miranda. Ademais, do premio tamén se fixo entrega dun diploma a todos os participantes en esta XV edición del Concurso de Tapas. Agradecimiento a todos los participantes y a la Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería y Turismo de Lugo. APEHL.

## O I Premio Álvaro Cunqueiro de Novela xa ten dono

O I Premio Álvaro Cunqueiro de Novela do Concello de Mondoñedo xa ten dono despois de reunirse o xurado nas dependencias da Biblioteca Pública de Mondoñedo. Logo da pertinente deliberación, o xurado decidiu outorgar por maioría o premio do concurso ao orixinal presentado baixo o título *Hotel Carioca*. Aberta a plica, o texto resultou ser da autoría de Antón Riveiro Coello.

O xurado destaca en *Hotel Carioca* como “a construción literaria do texto que alterna, con mestría, tempos e espazos e incorpora un fino xogo metaliterario, para levarnos da man das vidas dunha saga familiar con personaxes dunha gran fondura psicolóxica e emotiva”.

Novela plural, fai converxer as augas de diversas subtramas, nas que os sucesos acontecidos no gurgullante Brasil dialogan, nun



vital de espellos, coas circunstancias da Galicia máis próxima.

O xurado estivo formado constituído por Armando Requeixo, en calidade de Coordinador, Patricia Arias Chachero, Malores Villanueva, Marcos Calveiro e Carlos Loureiro, como vogais, e Abel Vigo actuando como secretario.

Tamén quixeron agradecer o esforzo da Editorial Galaxia (que será a responsable da publicación

da obra), da Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Casa Museo Álvaro Cunqueiro e do Concello.

O premio, dotado con 9.000 euros, comporta tamén a publicación da obra gañadora pola Editorial Galaxia, que a dará a coñecer durante o transcurso dunha gala de entrega do galardón que terá lugar en Mondoñedo nos primeiros meses do ano 2023.

## Manuel Otero será o candidato a Alcaldía mindoniense do PP

Os afiliados e afiliadas do PP de Mondoñedo elixiron por aclamación a candidatura de Armando González Barreira, a única presentada ao congreso local. Deste xeito, convértese no novo presidente do PP local que contará con Ángeles Rodríguez Rico como secretaria xeral; Alberto García Fernández como vicesecretario xeral; e outras nove persoas que actuarán como vocais: o alcalde, Manolo Otero; os concelleiros Manuel Tapia, José Otero Rejes, Patricia Otero e Beatriz Meilán; e José Ramón Díaz Barreira, Ana Mel López, M<sup>a</sup> Gervasia Cabanas Eiras e M<sup>a</sup> Amparo Anello Gil.

Tamén resultou elixido o actual alcalde de Mondoñedo, Manuel Otero, como cabeza de lista dos populares mindonienses de cara ás vindeiras eleccións municipais. Otero destacou “o traballo en equipo, o compañeirismo que hai entre os que conformamos o goberno local e todos os membros do PP de Mondoñedo. Pertencemos a un proxecto no que todos cooperamos e quixemos repartir as responsabilidades para ser máis efectivos. Estamos preparados para seguir na nosa liña de traballo ca cal facemos e continuaremos facendo un Mondoñedo mellor e próspero”.



## O BNG reclama a posta en marcha do servizo de fisioterapia no centro de saúde

O deputado nacionalista mariño Daniel Castro rexistrou no Parlamento Galego unha Proposición non de Lei para que a aula de fisioterapia do Centro de Saúde de Mondoñedo conte de xeito urgente con persoal para impartir o servizo. O BNG apunta que desde hai varios anos o Sergas creou a praza de fisioterapeuta en Mondoñedo para atender a doentes dos Concello e de Lourenzá, pero ata que o BNG local en maio do 2018 reclamou a necesidade de que se impartise ese servizo na cidade, “non se soubo nada máis”.

Deste xeito, “ata chegados a decembro do 2020 a Xunta non anunciou que comezarían as obras de acondicionamento dunha sala no Centro de Saúde nas que poder ofrecer un servizo de calidade”, din.

As obras para habilitar a nova área de fisioterapia supuxeron unha inversión de algo máis de 65.000€ e agora o centro conta cunha sala de exercicios con tres boxes de tratamentos para electroterapia, microondas e ondas de choque, dúas padiolas de tratamentos, dous ergómetros, unha mesa de mans, unhas espaleiras dun metro, paralelas e escaleira con rampla, entre outro material para a realización das terapias físicas e tratamentos recuperadores ou rehabilitadores dos pacientes.

O portavoz municipal, Eloi Cabanas insta a Xunta a que explique a tardanza na dotación de persoal para o Centro de Saúde mindoniense e pide fixar unha data aproximada para a posta en marcha do servizo.

## Rematada a parcelaria de Mondoñedo Norte, que afectou a 811 hectáreas e 696 veciños



O concelleiro do Medio Rural, José González, acompañado pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, entregou os títulos de propiedade da concentración parcelaria de Mondoñedo Norte, no concello homónimo. Este proceso de reestruturación da propiedade afectou unha superficie de 811 hectáreas, pertencentes a 696 veciños.

Neste acto, o concelleiro destacou que, grazas a este traballo, que supuxo un investimento de algo máis de 2,2 millóns de euros, pasouse de 5.317 predios a 1.335 parcelas finais. Desta forma, a superficie media das parcelas triplicouse, ao pasar de 1.525 a 5.746 metros cadrados. Así mesmo, cómpre destacar que a Xunta investirá preto de 48.400 euros en diversas obras complementarias desta concentración, dentro do Plan de Infraes-

truturas Rurais (PIR) 2022. Estas actuacións consistirán na mellora, adecuación e ampliación de diferentes camiños da parcelaria.

Así, advertiu José González, as parcelarias seguen a ser un dos mellores mecanismos para darlle máis valor ás terras, á vez que permiten aumentar a base territorial das explotacións e reducir considerablemente os seus custos de produción. Por iso, apuntou, as novas concentracións teñen unha concepción moderna da mellora das estruturas, orientadas a favorecer o desenvolvemento económico das explotacións. Neste senso, sinalou que a Xunta seguirá entregando títulos noutras áreas de Galicia e decretarase novas zonas onde a prioridade sexa, precisamente, a ampliación de base territorial para as explotacións agropecuarias.



# “Para nós o rural é unha prioridade e apostamos por el”

Manuel Otero, rexedor do Concello mindoniense

## Chegou á Alcaldía no medio da pandemia, como foi esta chegada?

Efectivamente, tomei posesión ao inicio da pandemia, co primeiro confinamento, nunha situación moi complicada que todos coñecemos, na que se tiveron que tomar decisións pola seguridade e saúde dos veciños. A miña primeira decisión que ía ser difícil de entender foi suspender a concentración moteira, que achega cada ano a centos de persoas a Mondoñedo, e o MotoClube tiña feito un gran traballo para esa edición. Pero entendérono moi ben, e eu sempre dixen que quería priorizar a saúde dos veciños, nun concello no que temos unha poboación maior moi elevada, e nos debemos a eles. Quixemos estar o máis próximos posibles nun momento que había que estar illado. Por iso reforzamos esforzos nos servizos sociais. Todos os concelleiros e todos os traballadores do Concello sumamos forzas, e puxemos o foco nos nosos maiores. Entregáronse gratis as primeiras máscaras cando non as había, para que cada veciño tivera algunha protección, fixémoslo practicamente porta a porta. Usamos unha plataforma de venda online para que os nosos comerciantes tiveran forma de vender os seus produtos, algúns tiveron moito éxito. Implicouse moito Protección Civil e o servizo de Axuda no Fogar. Enviamos alimentos a quen o precisaba. Foron momentos moi duros pero que intentamos afrontar con todo o noso empeño.

## Pode facernos un balance desta lexislatura?

Nós cremos firmemente no potencial de Mondoñedo, e por iso traballamos por atraer turismo, empresas, poboación...A aprobación do Plan Rexurbe creo que vai supoñer un antes e un despois. Neste primeiro lote vanse rehabilitar 15 edificios do casco histórico que permitirán que sexan habitados polos que o soliciten, en réxime de aluguer a un prezo económico. Se-

guimos apostando polo rural, por iso se está mellorando a rede municipal de estradas, para que a conexión coas parroquias sexa a que todos desexamos. Para nós o rural sempre foi unha prioridade, sempre tendo en conta as nosas limitacións, somos un concello moi extenso e con 15 parroquias. Este mes vanse entregar os títulos da concentración parcelaria de Mondoñedo Norte, penso que é unha boa noticia para os veciños das parroquias de Masma, Couboeira e Oirán. Seguiremos apostando polo turismo, Mondoñedo está no mapa dos destinos turísticos por excelencia en Galicia, e iso é gracias a moito traballo detrás.

## Que quedaría por facer de cara a este ano?

Temos que seguir afondando no noso proxecto, que non se fai nunha lexislatura. O Plan Rexurbe está chamado a ser un elemento dinamizador da cidade nos próximos anos, abrindo novas entradas ao casco histórico que permitan a conectividade. Así se ampliará a rúa dos Castros, que permita unha mellor entrada á zona de servizos sociosanitarios: o ambulatorio e os centros asistenciais San Pablo e Residencia San Rafael. Abrirase unha rúa entre Río de Sixto e os xulgados, deste xeito o tráfico poderá evitar a zona da Catedral. Faremos máis zonas de aparcamento máis cómodas para veciños e visitantes.

## Que outras necesidades ten o Concello a día de hoxe?

Estamos nun Concello que presta moitos servizos, como un concello de 10.000 habitantes, pero a poboación baixou. E o persoal municipal foi mingando nos últimos anos, polos plans de axuste que se nos impuxeron. Pero estamos traballando en reforzar o persoal.

## Cales serían as características e a definición deste Concello?

O noso slogan sempre foi Mondoñedo, un lugar para investir. Iso é

como queremos que nos vexan, onde damos facilidades para montar un negocio e crear riqueza.

## E a nivel industrial, cales son os plans? Como se atopa o polígono? Ten necesidades?

Partindo dos problemas co prezo das parcelas, intentamos que se abarataran, e iso permitiu que se comezasen a instalar empresas como Bloques Cando. Proximamente se instará unha empresa de produtos cárnicos. E acabamos de ceder un espazo municipal do polígono para que a Consellería de Medio Rural constrúa unha base operativa para

**“Nós cremos firmemente no potencial de Mondoñedo, e por iso traballamos por atraer turismo, empresas, poboación...”**

persoal de incendios, o que suporá centralizar en Mondoñedo toda a loxística da zona.

## Que supón o ARI para Mondoñedo?

Supón ter un dos cascos históricos mellor conservados de Galicia, manter a esencia desta antiga cidade, cunha arquitectura propia que sabemos poñer en valor, porque todos os veciños estamos moi concienciados do que temos. E a maiores todo isto é un aliciente para o turismo.

## Mondoñedo terá un espazo especializado en viaxes. Como se xerou este proxecto?

Vai da man do que comentaba anteriormente, do intenso traballo que se fai para que Mondoñedo sexa



visto como un destino turístico esencial cando se visita Galicia. Nestes contactos xurdiu a posibilidade de que Esther Eiros, periodista especialista en viaxes, doase parte da súa biblioteca. Ela é veciña de Bretoña, eu tamén teño lazos sentimentais con ese pobo, limítrofe con Mondoñedo, e cando lle propuxemos a idea de que a súa biblioteca estivese en Mondoñedo, todo foron facilidades. Estamos moi agradecidos á xenerosidade de Esther Eiros, que ademais é unha namorada de Mondoñedo, e nós encantados de que nos visita periodicamente. Este espazo emprazárase temporalmente no centro de interpretación do Camiño Norte, pero posteriormente irá nunha das casas rehabilitadas do Plan Rexurbe e será outro motivo para visitar a nosa localidade.

## Recentemente restaurouse o retablo e pinturas murais da Catedral. Espéranse máis melloras? Suporá un incremento do turismo?

Esta restauración enmárcase dentro do Plan Catedrais que a Xunta puxo en marcha, e a nosa basílica foi das primeiras en someterse a esta restauración. O resultado foi especta-

cular, tanto do retablo como das pinturas murais. O día da inauguración, a catedral estaba chea de veciños e visitantes que se quixeron apuntar para ver o resultado. O noso principal atractivo turístico é a catedral, e temos que apostar por mantela sempre en bo estado, porque máis turistas quixerán coñecela. Nos últimos anos cambiouse toda a cuberta para corrixir as filtracións e restauráronse todas as pinturas das bóvedas afectadas por estas humidades que ocasionaron as filtracións. Agora temos que seguir traballando na mellora do museo catedralicio.

## O Mercado Medieval, as San Lucas, o MindoMúsica, o Merlín Fest, son eventos que axudan a consolidar o Concello?

Efectivamente, se sumamos a iniciativa do goberno local e do tecido asociativo co que colaboramos estreitamente para axudarlles nas súas actividades, temos como resultado unha programación cultural e de lecer ao longo de todo o ano que invita a vir e coñecer Mondoñedo. Isto repercute positivamente en moitos negocios locais, e por iso queremos seguir apostando.



## EN BREVE

**ESPECTÁCULO.** O Concello invita a nenos e grandes a presenciar un espectáculo de narración oral e efectos audiovisuais que non os vai deixar indiferentes, *Cinema maravillas: ver para ler*, coa contadora Raquel Queizás. Esta cita cultural será o sábado 28 de xaneiro ás 18.30 horas no salón de actos da casa da cultura.

**GALA BENÉFICA.** O sábado 4 de febreiro, coincidindo co Día Mundial contra o Cancro, celebrárase na Finca Galea de Alfoz unha nova gala benéfica Alfoz Solidario, a favor da Asociación Española Contra o Cancro (Aecc). Desde a organización indican que, como sempre, existen varias formas de colaborar con Alfoz Solidario, "poderase participar na propia gala, composta por unha cea e baile, ou mediante donativos á Mesa Cero para aquelas persoas interesadas en colaborar que non podan asistir". Os participantes e as empresas que desexen colaborar poden poñerse en contacto con calquera membro da organización.

## O IES Alfoz-Valadouro terá un programa de Educación Emocional para o alumnado



A Concellalía de Igualdade do Concello de Alfoz organiza ata finais de febreiro un programa de Educación Emocional para os rapaces e rapazas do IES Alfoz-Valadouro.

A proposta foi moi ben acollida polo centro educativo que destaca que é un dos obxectivos do departamento de orientación para o presente curso: a mellora do benestar emocional e social do alumnado.

Levarase a cabo nas distintas ho-

ras de titoría co alumnado para cada un dos cursos de Educación Secundaria do centro

Serán unhas xornadas para aprender a percibir, expresar e controlar as emocións. Concibir que o sentimento, o pensamento e a acción están ligados. Desenvolver habilidades sociais de comunicación e de resolución de conflitos. Estes serán parte dos contidos destes talleres nos que o importante é o traballo grupal cos adolescentes.

## As beirarrúas do núcleo da Seara repararanse cunha achega

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou xunto ao alcalde de Alfoz, Jorge Val, un convenio de colaboración entre ambas institucións para a reparación e remate da beirarrúas no núcleo da Seara. Con este acordo, a institución provincial achega 140.000 euros ao Concello mariñao para dotar de máis e mellores servizos á veciñanza de Alfoz.

Esta cantidade representa máis do 93% do investimento total necesario para acometer esta obra, que se levará a cabo onde se atopan os principais servizos do municipio de Alfoz, polo que estes traballos redundarán

nunha mellor accesibilidade da vía e promoverá o desprazamento a pé dos veciños.

Os traballos realizaranse na LU-P-0202, a ambos lados da mesma, a través da actuación máis axeitada, xa sexa cun pavimento continuo ou cun pavimento de lousas prefabricadas. Esta actuación reparará as beirarrúas do inicio ao punto quilométrico 0,220. Por outra banda, levarase a cabo a mellora dende o quilómetro 0,555 ao 0,760, coincidindo este tramo co Centro de Saúde, o campo de fútbol municipal e a Igrexa de San Pedro de Mor.

## Comeza a tempada de cursos nas antigas escolas parroquiais

O Concello está programando actividades para realizar en todas as antigas escolas recuperadas como centros socioculturais das parroquias de Alfoz.

O obxectivo principal é dinamizar estes espazos como punto de encontro e reunión dos veciños e veciñas a través dun amplo abano de actividades. Están dirixidas á poboación adulta non só da parroquia na que se leve a cabo senón de todo o municipio, levaranse a cabo en sesións de 2 horas, en fins de semana para poder compaxinalas cos horarios laborais ou outras actividades que xa se están desenvolvendo coma as deportivas. Serán de balde e en grupos axeitados para garantir o seu éxito, podendo repetirse en caso de haber moita

demanda.

O programa de dinamización das parroquias iniciouse o pasado mes de decembro na escola da Pinguela en Lagoa cun obradoiro de creación de centros de Nadal. Así, os sábados 21 e 28 de xaneiro, ademais do 4 e 11 de febreiro terá lugar na escola de nenos de Adelan un curso de bordado, de 17.00 horas a 19.00 horas. Para máis información e inscricións haberá que chamar ao teléfono do Concello de Alfoz 982 558 001, pois as prazas son limitadas e cubriranse por orde de reserva. No mes de marzo serán 2 cursos de primeiros auxilios, un na escola de Baco e outro na escola do Pereiro. Anunciarase o día e hora proximamente na web municipal.

## o valadouro

## Mel O Trobo recolleu o premio de Mel de Galicia, pola calidade do seu produto



O conselleiro do Medio Rural, José González, acompañado do director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, José Luis Cabarcos, e do director xeral de Gandaría Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros, presidiu a entrega dos premios da XXV Cata dos Queixos e da XXI Cata dos Meles de Galicia. Así, Mel O Trobo foi premiada, no seu 20 aniversario, como mellor mel monofloral galega, a súa dedicación e perseveranza foron sumando distincións ata nun total de 14 ocasións.

Mel O Trobo é o resultado de anos de traballo de Marifé Sixto, descendente dunha saga de apicultores, que

aprendeu esta arte do seu pai, Javier. En Mel O Trobo pódense elixir variedades multiflorales ou monoflorales; desde o breixo ao eucalipto, pasando pola de silva. Contan con colmeas nos concellos do Valadouro, Viveiro e Ourel, en lugares estratéxicos afastados da contaminación. Da paixón pola mel de Marifé naceu o Museo do Mel, unha iniciativa que impulsou en 2015 para dar a coñecer a un público non iniciado o proceso de elaboración do mel con materiais didácticos audiovisuais e libros, así como os apeiros e ferramentas que se utilizan, facendo un percorrido histórico polos diferentes sistemas.



## Aínda quedan prazas para o transporte gratuito á piscina

O Concello de Alfoz e o do Valadouro veñen de comunicar que aínda quedan prazas libres para o transporte gratuito á piscina municipal de Foz.

Así, estes concellos subvencionan un autobús para desprazarse ata a piscina co fin de fomentar hábitos saudables a través dun curso de natación.

O devandito curso ten un prezo de 14 euros ao mes ou baño libre de 3.30 euros ao día e é obrigatorio saber nadar. Os usuarios terán que abonar o custo do curso pois o Concello tan só subvenciona o autobús todos os mércores laborables desde xaneiro ata xuño en horario de mañá.

Para máis información haberá que chamar ao teléfono 982 558 001.

## Os centros educativos participan no proxecto Programa Sinfónico no Rural

Desde o mes de novembro, rapaces de 7 a 12 anos dos centros educativos de Alfoz participan no programa Sinfónico no Rural da Fundación Xesús Bal y Gay subvencionado pola Área de Cultura municipal.

É un programa de educación musical-social gratuito e integrador dirixido á infancia que, a través da música, pretende formar persoas que, dun xeito activo, integrador e equilibrado, constrúan unha comunidade máis xusta e transformadora. Así, os nenos e nenas son

os protagonistas do programa, polo que serán axentes activos neste cambio.

O devandito cambio desenvólvese a nivel individual, familiar, grupal e comunitario, e no contexto social, educativo e cultural da zona. Os obxectivos xerais son os de promover o benestar integral das persoas e construír un comunidade equilibrada a través da música como elemento clave de intervención e transformación social e cultural e crear un espazo colectivo seguro e afectivo.

## O Concello conta cun novo vehículo para desbroce e limpeza

O equipo de Goberno conta cun novo vehículo para o servizo de desbrozamento e limpeza viaria municipal, un tractor Class Arion 630.

Foi adquirido á Empresa Agrícola Curtis S.L. para o Servizo Municipal de Obras por un investimento de 167.706 euros, aportados intergraemente polo Concello.

O Concello contaba para este servizo de desbroce e limpeza cun antigo John Deere de máis de 20 anos que últimamente se averiaba regularmente, polo que era necesario cambialo por un novo co fin de que este importante servizo non se resentise.



## Entregados os composteiros aos solicitantes do municipio

O Concello de Xove, a través da Concellería de Agricultura, fixo entrega, a un numeroso grupo de veciños do municipio, de composteiros, que estes previamente tiñan solicitado no Departamento de Agricultura. Así, xa son moitas as familias que cada ano contan cun recipiente que se utiliza para facer compostaxe.

Deste xeito, os veciños poderán fabricar nas súas casas o seu propio compost, un fertilizante natural con excelentes propiedades para o terreno dada a súa condición de produto natural, sen compostos

químicos e libre de patóxenos; tamén actúa en moitos casos como bactericida e fungicida. Ademais, ao ser un produto rico en nutrientes, convértese nun excelente abono.

Con estes composteiros contribuímos á redución de tanto volume de residuos producidos, e tamén a eliminar ou, polo menos, minimizar todo o posible uso excesivo de fertilizantes químicos.

Estas campañas de entrega de composteiros estanse a realizar no Concello xovense dende 2012 en colaboración con Sogama.

## Aprobadas as bolsas e axudas ao estudo para o curso 2022/2023

A xunta de Goberno local de Xove aprobou as bolsas e axudas ao estudo para o curso 2022/2023, concedidas e financiadas integramente polo Concello.

O número total de axudas concedidas foi de 74, ascendendo o gasto total a 26.737,90 euros.

Como todos os anos, as bolsas se diferencian en varias modalidades, estudos universitarios na que se concederon un total de 12.172,10 euros; ciclos formativos que non existan na comarca, no que se concedeu un total de 4.105,80 euros; para alumnos

con discapacidade, cuxa contía ascendeu a 4.500,00 euros; para compra de material cun total de 5.460 euros. E por último unha axuda concedida para a modalidade de máster, que ascendeu a 500 euros.

## Concurso de Postais de Nadal

O Concello fallou o Concurso de Postais de Nadal 2022 organizado pola Concellería de Cultura. O xurado formado escolleu aos 15 gañadores do certame.

Na categoría Preescolar (3, 4 e 5 anos) os galardoados foron María Moreira Rego, Anaís Romero Suárez e María García Val. Na categoría 1º e 2º de Primaria os premiados foron Azucena Fernández Riveira, Adrián Rego García e Leila Alcalde Fernán-

dez.

Na seguinte categoría, a de 3º e 4º de Primaria, Felipe Basanta Domínguez, Luka Purriños García e Nicolás Purriños García.

En 5º e 6º de Primaria, Paula Sánchez Pernas, Andrés Alcalde Fernández e Óscar Bértolo Casabella. E xa por último na de 1º a 4º de Eso os agasallados foron Daniel Bértolo Casabella, Carla Casabella Puñal e Andrea Eijo Rodríguez.



**MAÑÁS ACTIVAS.** O pasado 27 de decembro as concelleiras de Xuventude, Ana Abad e Cristina Iglesias, fixeron entrega duns agasallos ao equipo de voluntariado que participou durante os meses de xullo e agosto no programa Mañás activas.

## A veciñanza desfrutou do Concurso de Karaoke



Dentro do Programa de Nadal do Concello de Xove para o 2022 e 2023, a veciñanza desfrutou dun dos seus pratos fortes, o Concurso de Karaoke.

O Concello impulsa esta actividade, que chegou a súa décima edición o venres 30 de decembro no pavillón municipal de deportes.

Así, os gañadores na categoría Peques foi Noa Villora coa

canción *Las doce*; o dúo formado por Eva Cancela e María Posada con *Mariposas*; e Anaís Romero con *Libre Soy*.

En Júnior os galardonados foron Xenxo Salgueiro con *El Rompeolas* e Carla Esperanza Míguez con *Depredador*. Na categoría Veteranos, Laura Míguez con *Tanto cielo perdido*; Mónica Díaz con *Si tú no estás*, e María del Carmen Fanego con *Solo te pido*.

## Reparten entre os veciños un calendario como agasallo do 2023



O Goberno local vén de repartir a todos os seus veciños o calendario do ano 2023 como agasallo polas festas de Nadal e para comezar o ano.

O almanaque inclúe este ano fotos do fotógrafo xovense Emilio Pérez e "para completalo recurrimos ao libro 'A fonte da vida longa' editado a finais dos anos oitenta e no cal os alumnos do Colexio Público de Xove recolleron unha serie de lendas populares baixo a coordinación de Marica Campo e Xosé González, Chema", dixo o técnico de cultura, Mario Eijo. Ademais conta coas acuarelas de Xoan Guerreiro.

## vegadeo

## Convocado o II Concurso de relatos curtos dirixido a maiores de 65 anos

A Federación Asturiana de Concellos convoca a Segunda edición do Concurso de relatos curtos escritos ou en formato audio/audi visual dirixido a persoas maiores de 65 anos empadroadas no Principado de Asturias.

A través desta iniciativa, preténdese visibilizar as súas habilidades, coñecementos e valores así como o reflexo das súas vidas e experiencias vitais.

Poderá participar calquera persoa maior de 65 anos residente nalgún municipio asturián e poderanse presentar un máximo de dúas obras por participante. O tema do relato será libre incluíndo referencia a algún xogo/s da infancia así como a narrativa pode libre ou testemuño autobiográfico.

Quen desexa participar deberán enviar a súa obra por correo electrónico á dirección [redconsalud@facc.info](mailto:redconsalud@facc.info), ou por correo postal a Federación Asturiana de Concellos, praza de Rega 5 e 6, 4ª

planta, 33003 Oviedo. Os audios poderán tamén ser enviados por whatsapp ao teléfono 684 641 270.

O prazo para a recepción de obras será ata as 23.59 horas do 24 de febreiro de 2023. Sendo imprescindible cubrir o formulario dispoñible.

A extensión mínima do relato será de dúas caras e non poderá ser maior de catro, cun tamaño de letra 14, interlineado 1,5 é de tipografía Verdana. Os audios ou vídeos non poderán exceder os 4 minutos de duración e deberán ser en formato mp3 ou mp4.

O certame terá un primeiro premio valorado en 500 euros e tres mencións: ao asturianu/eonaviego, á obra procedente de centros residenciais, e á obra procedente de programas municipais. Cada mención terá un valor de 250 euros. O relato gañador e os 10 finalistas editaranse en formato papel e ademais o gañador publicárase en formato audiovisual.

## trabada

## Rematadas as obras da pista multideporte do CEIP Celso Currás

O Concello de Trabada informou do remate das obras de construción dunha nova pista multideporte no CEIP Plurilingüe Celso Currás, mellorando desta forma as infraestruturas para o alumnado e para a veciñanza en xeral.

Para a posta en marcha da instalación, cun orzamento de 91,676 euros, a alcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez, xestionou e tramitou persoalmente unha subvención da Xunta de Galicia (70.870 euros) e un convenio de colaboración coa Área de Deportes da Deputación de Lugo (20.806 euros).

A nova pista multideporte modular permite a práctica de varias modalidades deportivas no mesmo espazo, unha zona multixogo e polifuncional para nenos e nenas de todas as idades. Conta cun peche perimetral e un equipamento cos máis altos estándares de seguridade e calidade.

“Damos un paso máis na aposta do concello por aumentar e mellorar as instalacións deportivas de Trabada”, afirma a alcaldesa, Mayra García Bermúdez.



Recentemente, o Concello realizou obras de mellora e equipamento do ximnasio municipal e dos vestiarios do pavillón de Trabada; reformas no pavillón da parroquia de Sante, e a construción da pista de pádel municipal, que se encontra precisamente no mesmo emprazamento que a nova pista multideporte.

O espazo estaba ocupado por unha antiga pista deportiva en desuso onde antigamente se practicaba fútbol afeccionado, porque o campo non cumpría coas medidas regulamentarias.

“Seguimos intentando darlle uso a unha instalación que estaba en

desuso despois da mala xestión do PP de Trabada, que enterrou 502.000 euros nun campo inservible, porque despois de facer esa inversión déronse conta de que o campo non cumpría coas medidas regulamentarias”, lamenta García Bermúdez.

De feito, consta en dependencias municipais unha memoria técnica de outubro do 2014 para a adecuación á medida normativa, un proxecto no que despois de gastar o diñeiro facendo as gradas se demolerían as escaleiras de acceso e as tres primeiras gradas cun orzamento de 76.235,13 euros.

## riotorto

## O BNG leva ao Parlamento a falta de médicos en Riotorto

Diante da “grave” situación que están a vivir as veciñas e veciños de Riotorto, despois de que o pasado 12 de decembro o seu centro de saúde pasara a non contar con ningún médico ou médica, o deputado mariño do BNG Daniel Castro leva ao Parlamento esta problemática formulando diversas preguntas ao respecto e presentando unha proposición non de lei na que esixe que se cubran de xeito inmediato e contínuo as dúas prazas de médico/a, “xa que non podemos permitir que se deixe a preto de 1200 veciñas e veciños abandonados, pasando a quedar sen unha asistencia sanitaria de calidade” manifestou Castro.

“Este feito evidentemente tivo consecuencias inmediatas como as demoras nas consultas ou na xestión das receitas, e alén disto, a non cobertura das prazas de médicos no centro de saúde provocou e segue a provocar situacións máis que perigosas, como que a única solución para as urxencias sexa



o 061, e todo isto debido a que a pesar do paso dos días a Xunta de Galiza segue sen cubrir as ausencias dos dous facultativos titulares”, manifestou tamén o portavoz municipal do BNG en Riotorto Luís Fernández.

Esta situación que supón un dos maiores ataques á sanidade pública do concello en anos tivo xa unha grande resposta por parte dos veciños e veciñas do concello de Riotorto, que seguen a ver como o Partido Popular continúa a atacar á sanidade pública galega e

máis concretamente á nosa Atención Primaria.

**RECOLLIDA DE SINATURAS.** A formación nacionalista continúa na comarca coa campaña de apoio á ILP en defensa da Atención Primaria promovida por colectivos sociais coma SOS Sanidade Pública e a Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Mariña, dado que os problemas nos centros de saúde danse en practicamente todos os concellos e tamén na atención hospitalaria.

## o vicedo

## O Fuciño do Porco estará pechado por seguridade



O Fuciño do Porco estará pechado durante un tempo para reparar unha varanda que caeu por mor dos temporais de auga destas últimas semanas.

Así, levaranse a cabo as tarefas de reparación correspondentes para garantir a seguridade dos visitantes e “manter unha zona tan fráxil xeoloxicamente como en calquera cantil”, explicou o rexedor vicedense Jesús Novo.

Tal como explica, “o poste está nun terreo inestable e as filtracións causadas polas intensas

chuvias destes días fixeron que o terreo cedera”. “Isto é algo que ocorre case todos os anos pois está a beira do mar, hai furnas por debaixo, e polo tanto a erosión vai actuando. Noutra ocasión tívose que variar o percorrido”, engadiu. “A solución idónea sería facer a pasarela máis arriba”, di o rexedor, “pero falarase co presidente de Portos de Galicia, Francisco Barea, na vindeira reunión”.

Polo tanto, ata que rematen ditas obras, queda prohibido o acceso ás pasarelas de Fuciño do Porco.

## a pontenova

## A Deputación colabora nas melloras en Vileimil

A Deputación colaborará no financiamento de obras de mellora na rede viaria e no saneamento en Vileimil, no Concello da Pontenova.

As actuacións previstas inclúen unha mellora integral das infraestruturas e servizos municipais en Vileimil, na parroquia de Vilaboa. Así, o convenio contempla obra de renovación da rede de abastecemento de auga, co obxectivo de evitar as frecuentes roturas que se producen pola antiguidade das tubaxes.

Tamén inclúe a renovación da rede de saneamento, cun funcionamento deficiente ao acumular augas residuais e pluviais. Un dos aspectos a corrixir será o rasante dos camiños, que ven provocando que, en mo-

mentos de choiva forte, a auga afecta as edificacións pegadas aos viais. As obras completaranse cunha nova pavimentación do firme dos accesos e camiños. O investimento total nas obras será de case 300.000 euros, "un contía moi importante para un Concello desas dimensións, que dificilmente podería levarse a cabo sen colaboración entre administracións", din dende o ente local, e, nese sentido, incidiu "no compromiso da Deputación con actuacións que contribúan a manter e mellorar infraestruturas e servizos imprescindibles para a calidade de vida da veciñanza". O convenio habilita ao Concello para comezar a executar as obras desde comezos do mes de xaneiro.



**IES ENRIQUE MURUAIS.** Este Nadal, A Pontenova estreou unha nova árbore que foi realizada polo alumnado de FP dual de soldadura e caldeiraría do Instituto Enrique Muruais.

## Rematados os traballos en máis dun quilómetro da N-640 ao seu paso polo casco urbano



Remataron as obras de mellora en máis dun quilómetro da N-640 ao seu paso polo casco urbano do Concello da Pontenova. Estes traballos, que contan cun investimento de 48.000 euros, consistiron no acondicionamento da vía, co fresado, reposición de aglomerado en quente e o repintado da sinalización horizontal e vertical. Concretamente, as obras realízanse entre os puntos quilométricos 36,045 e 37,800. A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, destacou que con estas novas actuacións do Mitma "atendemos a unha demanda dos veciños mellorando a seguridade viaria desta estrada tan importante e beneficiando directamente aos habitantes do municipio e aos miles de cidadáns

que a empregan a diario, pois comunica a comarca da Mariña e Asturias coa capital da provincia". Nesta liña, a subdelegada explicou que o firme presentaba un deterioro debido á gran cantidade de tráfico de vehículos que soporta este tramo, "polo que era necesario actuar canto antes" e enmarcou estes traballos "nos labores de conservación que dende o Goberno estamos efectuando na rede viaria estatal da provincia de Lugo cun investimento de 10,3 millóns de euros". En relación con isto, Rodríguez lembrou o compromiso do Executivo co mantemento e mellora da seguridade viaria, coa partida de 17,7 millóns de euros que recollen os Presupostos Xerais do Estado para o 2023.

### EN BREVE

**SAMPAIO.** O lugar de Sampaio, na parroquia de Vilaboa, no Concello da Pontenova, celebrará as grandes festas na honra de San Paulo o vindeiro sábado 21 de xaneiro. Así, o día 21 haberá misa solemne ás 13.00 horas, seguida da sesión vermú a cargo de Verónica Cambón e pola noite, ás 22.00 horas, será a quenda do Dúo Merengue e de novo Verónica Cambón. Dende a organización lembran que haberá campo cuberto con carpa calefactada.



**BAILE.** A Asociación Eofusión A Pontenova, do Concello da Pontenova, organiza para este novo ano 2023 unha serie de clases de baile a cargo da profesora Sybille Doucet. Estas citas serán os sábados de 21.00 a 22.00 horas no local do Museo do Salmón e darán comezo o sábado 7 de xaneiro. Para asistir será necesario anotarse chamando ao 603 492 621 ou falando con alguén da organización.

## lourenzá

## Palimoquiños, de Lugo, gañou o premio Conde Santo de Teatro

Tivo lugar no multiusos de Lourenzá, ateigado de público, a gala de entrega de premios do IV Certame de Teatro Aficionado Concello de Lourenzá. O premio Conde Santo á mellor representación, dotado con 750 euros, recaeu na obra E se todo se reduce ao amor, de Os Palimoquiños, de Lugo.

O premio Lourenzo, ao mellor actor, foi para Xulio Leal, de Avelaíña Teatro, de Pontevedra. O premio Ana, á mellor actriz, logrouno Miriam Bouso, de Ollomao, de Barreiros. O premio á mellor posta en escena levouno a obra Fátum, de Catre Teatro, de As Pontes. O premio ao mellor actor de reparto recaeu en Juan Rodríguez, de Ollomao, de Barreiros. O premio á mellor actriz



de reparto estivo compartido polas actrices de Catre Teatro M<sup>a</sup> José Alonso, Dolores Alonso e Carolina Díguele. E, por último, o premio especial do público foi para a obra Vivan os noivos, de Adala Teatro, de Fazouro. Os trofeos que recibiron os

premiados foron obra da Fundación Eu Son, de Burela.

Previo á entrega de premios o grupo Teatro Baixo da Area representou, cunha espectacular montaxe, a obra Poeta en Nova York, baseada en poemas de García Lorca.

## Entregados os premios de postais de Nadal 2023



Os nenos e nenas de Lourenzá foron recibidos por Papá Noel nos baixos da casa do Concello. Previamente visitou o Centro de Día e despois percorreu as rúas de Vilanova subido a unha Vespa con sidecar. Durante esta

recepción foron entregados os premios do concurso de postais convocados polo Concello. O gañador foi Esteban Edrosa López, de 5º de Primaria. Levaron accésitos Icíá Fraga Vidarte, Nour-Han Boufeljat e Aroa Díaz Ventoso.

## Seguen a bo ritmo as obras da futura unidade residencial de Saúde Mental A Mariña

O alcalde, Alfonso Villares, e varios membros do equipo de goberno, visitaron ás instalacións da futura unidade residencial da Asociación Saúde Mental A Mariña, que estará situada na praza do Souto para a que a Xunta de Galicia vén de conceder unha axuda de 80.000 euros.

Villares quixo agradecer á Administración autonómica o seu compromiso e sensibilidade, neste caso con esta entidade con sede no noso municipio, para a que acaba de asignar a maior contía das que concede a Xunta neste ano dentro dos investimentos de mellora de cen-

tros de pacientes con doenzas de saúde mental.

Unha asociación -precisou- “que é un auténtico exemplo do traballo ben feito” e aproveitou de novo acasión para felicitar a toda a familia de A Mariña, encabezada pola súa directora, María José Novoa e polo seu presidente, Jorge Manchado, “polo extraordinario labor que desempeñan para favorecer a integración deste colectivo na contorna comunitaria, dando apoio ás familias e prestando servizos de rehabilitación psicolóxica e social, a través dunha atención integral”.

## En marcha, un curso de taller de memoria polas parroquias

Cervo comeza o ano coa posta en marcha dun novo curso do taller de memoria que promove polas diferentes parroquias do municipio a delegación de Servizos Sociais.

As persoas interesadas en participar no taller que imparte a técnica do departamento, Elisabet Peña, poden anotarse no teléfono 982 595 157 ou, de xeito presencial, na Casa da Cultura de San Cibrao. Tal e como apuntan, será preciso un mínimo

de 6 alumnos para a celebración do taller en cada unha das parroquias. No caso da actividade de Cervo, este ano mudará de localización trasladándose a unha sala habilitada no edificio dos xulgados.

Ao longo do curso traballaranse técnicas e estratexias co fin de fortalecer e rehabilitar a atención, a orientación, a memoria, o razoamento, a linguaxe, o cálculo, ou a psicomotricidade”.

## Abre o prazo para solicitar as árbores froiteiras e autóctonas



O equipo de Goberno local anima á veciñanza a participar no pedido conxunto de árbores froiteiras que tramita cada ano a delegación de Medio Ambiente, que dirixe Mali Méndez, “co obxectivo de revitalizar as fincas, para que sexan cada vez máis produtivas”.

Méndez recorda que os impresos

estarán a disposición das persoas interesadas ata o 23 de xaneiro no Rexistro do Concello de Cervo. Con iniciativas coma esta o que pretenden é abrir camiño á veciñanza para que as súas fincas sexan cada vez máis produtivas. O número de exemplares entregados o ano pasado foi de 121 árbores solicitados polos veciños.

## Entregadas axudas ao transporte, adquisición de libros e material

A edil de Educación, Dolores García Caramés, e o rexedor Alfonso Villares, entregaron as axudas en beneficio das familias e da educación. Con respecto á axuda ao transporte do alumnado que cursa estudos fóra do termo municipal, nesta ocasión foron 31 os estudantes que recibiron un cheque valorado en 150 ou 250 euros, en función da renda familiar.

A axuda está destinada aos alumnos que cursen calquera das seguintes titulacións fora do municipio: ensinanzas universitarias, Bacharelato (nalgunha das modalidades que non se imparten no Concello de Cervo), ciclos medios e superiores, como son FP, e os estudos musicais en conservatorios e escolas de música.

Nese acto tamén se fixo entrega



da axuda destinada ao alumnado de educación infantil –matriculados/as no segundo ciclo- para a adquisición de libros e material escolar. Nesta ocasión foron as familias dos estudantes recibiron un cheque valorado entre 100 e 130 euros, tendo tamén en conta a renda familiar.

O obxecto de ambas axudas é fa-

cer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e apoiar economicamente a aquelas familias con maior dificultade para afrontar os gastos de desprazamento dos/as estudantes fora do termo municipal a través dunha subvención financiada ao 100% con fondos municipais.

## Cervo apostou polo material reciclado para decorar no Nadal

O Concello de Cervo apostou de novo este ano polo material reciclado para a confección de adornos propios do Nadal.

Ademais da decoración a partir de residuos procedentes do medio mariño -situada no espazo verde contiguo á Casa do Mar en San Ciprián- a delegación de Medio Ambiente repartiu polas parroquias do municipio varios bonecos de neve confeccionados a partir de pneumáticos.

Dito material está composto por caucho natural e plástico, que contribúen á contaminación de mares e praias. O concello xestiona, a través do punto limpo de Cuiña, ao redor de 3000 quilogramos de pneumáticos ao ano, que son recollidos, tratados e procesados para ser convertidos en produtos reciclados que contribúan a súa inclusión dentro do ciclo da economía circular.

Os bonecos tamén contan con outro tipo de residuos como escobas sen uso, redes e cabos extraídos da costa (bufanda), testos (sombreiro), tapóns (boca), refugallos de madeira (nariz) e demais anacos de plástico (ollos).

O obxectivo principal desta iniciativa é didáctico coa fin de incidir na concienciación da veciñanza sobre a importancia que ten a reciclaxe para o medio ambiente, así como de ensinar que a reutilización de materiais que contribúen á contamina-



ción, pode resultar tamén divertido e proveitoso. Ademais, estes novos adornos veñen complementar a xa tradicional decoración de Nadal instalada nas diferentes zonas do Concello e enalzan o espírito navideño das parroquias.

**CALENDARIO.** O Concello felicita un ano máis estas Festas á veciñanza co tradicional calendario de Nadal.

En total editáronse 2.200 exemplares que o equipo de goberno xa está a repartir estes días fogar por fogar, polas distintas parroquias do municipio.

Como é tradición, a veciñanza é a protagonista indiscutible deste al-

manaque, que conta cun deseño moi especial no que cada mes vén ilustrado cunha fotografía de xuntanzas de amigos, familias e asociacións, festas populares e recordos de escolas e clubs deportivos que tiveron lugar entre os anos 1981 e 1997; e que, de seguro, lles van traer moitos recordos aos protagonistas. Ademais, resulta unha ferramenta moi útil para os veciños, que contan cunha lista de festividades e días importantes que se conmemoran e celebran a nivel nacional, unha axenda telefónica con teléfonos de interese do Concello, unha táboa de mareas e un calendario completo do ano 2023.

## A zona da Atalaia será o primeiro Centro Arqueolóxico da Mariña

O Concello de Cervo contará co primeiro Centro Arqueolóxico da Mariña que se erixirá, como non podería ser doutro xeito, na zona da Atalaia. Así o anunciou o rexedor, Alfonso Villares, que explicou que nos vindeiros meses, a comezos de ano, e logo dun longo e complexo proceso, “por fin poderemos ver ese cambio na fachada de San Cibrao, porque comecemos a derrubar ese esqueleto que ten un impacto visual tan negativo na península, e que podemos adquirir recentemente, por medio dunha poxa pública”.

Villares explicou que se derrubará o groso da construción que provoca ese feísmo, mantendo os baixos da edificación “que aproveitaremos para a creación do Centro Arqueolóxico da Mariña, o primeiro destas características na contorna; porque entendemos que todos os restos do Castro da Atalaia como doutros xacementos da nosa zona, merecen ocupar o lugar que lles corresponde para a súa posta en valor”.

O rexedor e a edil de Patrimonio, mantiveron un encontro con membros de Mariña Patrimonio e tamén do Servizo de Patrimonio da Xunta de Galicia, para trasladarlles esta idea “que situará a Cervo como referente en materia de arqueoloxía



e patrimonio na Mariña ao tempo que reparamos toda a panorámica da zona”.

Cabe recordar que o Concello é xa titular tanto do esqueleto como do edificio que levaba moitos anos deshabitado e que está situado ao seu carón o que nos permitirá por fin “cumprir con ese obxectivo que levamos anos perseguindo desde o equipo de goberno que pasa por recuperar toda esa zona e dotala dunha imaxe renovada e integrada na paisaxe”.

Con respecto ao esqueleto no que se situará o Centro de Arqueoloxía da Mariña, Villares recordou, que o edificio xunto cos terreos, saíu a poxa logo dos trámites administra-

tivos realizados desde o Concello o que permitiu chegar a esta situación. Un camiño que non foi nada sinxelo de percorrer —explica— e que nos fai retrotraernos varios anos atrás, “no 2019 iniciouse un informe técnico de reposición da legalidade, que desembocou en tres multas coercitivas; por un valor total de 13.000 euros; e entremedias aprobouse tamén o Plan Especial de Protección do Xacemento da Atalaia”. Todos estes pasos previos permitíronnos chegar agora a esta situación tan favorable de ser o Concello de Cervo o titular da estrutura e da parcela na que foi levantada no ano 2007, e que pretendía albergar 42 vivendas, con garaxes e rochos, en 7 niveis diferentes.

## Entregados os premios do concurso de postais e do Día do Libro



O Concello fixo entrega dos premios aos gañadores do XXII Concurso de Postais de Nadal e o Concurso do Día do Libro este sábado 17 de decembro, no Mercado de Nadal que se celebrou na Praza do Souto, en Cervo.

O rexedor, Alfonso Villares, e a concelleira de Cultura, Dolores García Caramés, fixeron entrega dun pequeno agasallo a cada un dos participantes, e dos premios aos gañadores nas diferentes categorías. No XXII Concurso de Postais de Nadal resultaron gañadores Gael Pita, na categoría de 3-5 anos, Martina López, na categoría de 6-9 anos, e Claudia López, na categoría de 10-12 anos. Ademais,

a postal realizada por Iria Baltar resultou a elixida para as felicitacións institucionais.

Neste acto tamén se levou a cabo a entrega de premios aos gañadores do Concurso do Día do Libro. Segundo o veredicto do xurado, na categoría infantil resultaron gañadores Jesús López, en primeiro lugar, Óscar López no segundo e, en terceiro lugar, deuse un empate entre Helena e Samuel. Na categoría primaria a gañadora foi Iria Baltar.

Por último, o primeiro premio da categoría de adultos foi para Tomás Mariño, o segundo premio para Bego López e o terceiro premio para Antonio López.

## A oficina de Correos de Oourol muda de ubicación



Co comezo do ano o Concello de Oourol informou de que a oficina de Correos muda de ubicación e que agora prestará os seus servizos no antigo colexio Vicente Casabella.

Segundo o alcalde ourolés, José Luis Pajón, “o local actual era alquilado e a propietaria faleceu, polo que buscamos unha ubica-

ción nova”.

A partir de agora e no seu horario habitual de 13.15 a 13.45 horas, estará no antigo centro educativo que se atopa situado na estrada principal de Oourol, número 29.

“É un local que está acondicionado e así afórrase o aluguer”, di Pajón, ao que engade, “estará alí definitivo, malia que se necesite o local para outras necesidades”.

## Un derrube nun talude obriga a desviar os vehículos pesados



Desde o Concello de Oourol veñen de informar que houbo un derrube nun talude no tramo da estrada municipal que une Domeselle e o Rego da Ponte. Debido a esta situación non será posible a circulación de vehículos pesados como son camiións, plataformas de madeira, etc. dado o estado no

que se atopa a vía. Dita restricción de circulación de vehículos pesados manterase así ata que se produza o arranxo dese tramo de vía.

O tramo do sinistro abarca desde o cruce do acceso a Domeselle ata o núcleo de Rego da Ponte, na parroquia de Bra- vos.

## O Concello agasalla aos seus veciños cun almanaque do 2023



O Concello de Oourol vai agasallar aos seus veciños cun calendario para este ano 2023. Así, o almanaque xa se pode recoller nas dependencias municipais. Este ano os calendarios queren render unha homenaxe ao pasado indiano e á ruta celebrada o pasado mes de agosto 2022. É totalmente gratuito para todos os veciños do Concello.

# DEPUTACIÓN

## Instan á Xunta a cumprir “coas súas obrigas en materia de atención sanitaria”

O Pleno aprobou unha moción presentada polo Grupo Socialista para instar á Xunta a que cumpra a sentenza 05354/2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), co fin de adoptar as medidas oportunas para cumprir coas súas obrigas en materia de prevención de riscos laborais, de valoración da carga de traballo e a avaliación dos riscos dos postos de traballo, non só dos médicos de Atención Primaria e de pediatría, senón do conxunto dos profesionais do sistema público sanitario de Lugo e Galicia. O PP abstívose na votación.

A voceira socialista do Goberno e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, denunciou na súa intervención “as condicións laborais do persoal sanitario, pola carga de traballo que están soportando os facultativos, unha situación que

vén de confirmar unha sentenza xudicial que sinala que se vulneran eses dereitos, así como as consecuencias do desmantelamento deste servizo público”.

García Porto incidiu en sinalar que “o modelo sanitario do PP non concorda co que defende o Goberno da Deputación, xa que demandamos máis e mellor sanidade pública. Nós entendémola como un servizo esencial e como un dereito en igualdade de condicións para tódalas persoas. Dende que o PP chegou ao Goberno da Xunta lanzaron un ataque progresivo e destrutivo contra a sanidade pública, e polo tanto contra a saúde dos galegos e das galegas”.

Explicou que dende a Xunta enfocaron o problema sanitario “en economizar este servizo, e adicaronse a practicar un austericidio constante na sanidade”.

## O Pleno provincial aproba as bases do Plan Único do 2023

O Goberno da Deputación de Lugo sacou adiante no Pleno ordinario sde decembro o Plan Único de Cooperación cos Concellos para o vindeiro ano 2023, ao que destina 21,5M€ para desenvolver actuacións en materia de infraestruturas, creación de emprego, Servizo de Axuda no Fogar, actividades, eventos, administración electrónica ou protección civil. Os grupos do PSdeG e o BNG votaron a favor da iniciativa, mentres que o PP se abstivo.

O presidente, José Tomé Roca, subliñou a importancia de aprobar, por terceiro ano consecutivo, as bases do Plan Único no ano anterior ao seu período de vixencia porque, desta forma, as entidades locais “poden empezar a planificar e tramitar as accións unha vez se publiquen, nos vindeiros días, no Boletín Oficial da Provincia”. Isto permite aos concellos planificar con maior antelación e traballar con máis previsión e tempo,

de forma que poidan poden aproveitar mellor os fondos.

O mandatario provincial destacou que a aprobación deste Plan nestas datas é posible grazas a que o Goberno sacou adiante en tempo e forma o Orzamento da Deputación para o vindeiro ano, de maneira que entrará en vigor a principios de xaneiro.

Pola súa banda, a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, incidiu durante a sesión plenaria en que co Plan Único a institución garante “un reparto xusto dos fondos públicos con criterios obxectivos, iguais para todos”, e “respecta plenamente a autonomía municipal”.

A Deputada lembrou as continuas melloras introducidas no Plan Único este mandato para que sexa máis útil para os concellos, como a aprobación das bases no ano anterior o seu período de vixencia, a posibilidade de imputar gastos de obras e contratos de persoal dende principios de

ano ou a simplificación dos trámites administrativos, especialmente beneficiosa para as entidades locais máis pequenas, que teñen menos recursos técnicos e de persoal.

Como exemplo do “impacto social e económico” desta ferramenta, a voceira socialista aludiu a que a Deputación inxectou dende o ano 2019 un total de 85,3M€ nos concellos, grazas ós que puideron acometer en torno a 1.500 obras e subministracións, e cos que crearon máis de 1.200 postos de traballo.

O Plan Único 2023 da Deputación mantén a súa esencia a través da distribución con criterios públicos e obxectivos dos fondos provinciais entre os 67 concellos da provincia. A poboación, a superficie, a dispersión territorial e a taxa de envellecemento, segundo os datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística, son os criterios de reparto que aplica a institución.

## Lanzan a terceira tempada do programa Coñece a túa provincia

A Xunta de Goberno aprobou as bases para poder lanzar o vindeiro ano 2023 a terceira edición do programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia. A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, sinalou que a institución provincial prepara xa unha nova tempada desta iniciativa “ante o enorme éxito que tiveron as dúas edicións anteriores, nas que participaron máis de 4.500 persoas”. Lembrou García Porto que este programa da Deputación está dirixido a asociacións e colectivos sen ánimo de lucro de toda a provincia e consiste en viaxes gratuítas, en pequenos grupos, dunha xornada de duración por diferentes puntos da xeografía lusenense seguindo diversas rutas polo patrimonio natural, histórico, cultural e gastronómico.

“Esta é unha das medidas que puxemos en marcha neste mandato co obxectivo de incentivar o turismo de proximidade, a hostalería e o comercio local, que son un dos motores importantes da nosa economía”, subliñou a voceira provincial.

A Deputación ofertará un máximo de 3.036 prazas en dous períodos: un na primavera, entre marzo e xuño, para os que haberá ata 1.794 prazas; e outro no outono, entre os meses de setembro e decembro, durante os que ofrecemos 1.242 prazas.

## Aprobado o primeiro Plan de Igualdade



A Corporación aprobou por unanimidade o primeiro Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes na historia da Deputación. O Goberno provincial, por iniciativa do presidente, José Tomé Roca, marca así un fito no camiño cara a igualdade de xénero real e efectiva, sacando adiante co consenso de todas as forzas políticas e sindicais un instrumento de modernización da administración para seguir avanzando cara un sistema de xestión máis igualitario no ámbito laboral.

María Loureiro explicou que se contemplan 7 eixos de actuación que abarcan todos os ámbitos, desde a selección de persoal á promoción, pasando pola política salarial, a or-

denación do tempo de traballo e a conciliación.

Entre as materias que aborda o acordo, asinado polas catro organizacións sindicais representadas na Deputación, está o proceso de selección e contratación, a clasificación profesional, a formación, a comunicación e linguaxe non sexista, as condicións de traballo, o exercicio corresponsable dos dereitos da vida persoal, familiar e laboral, a baixa representación feminina e a prevención do acoso sexual ou por razón de sexo.

A Corporación, a proposta do presidente, gardou un minuto de silencio ao inicio do Pleno en recordo das persoas falecidas no accidente de autobús en Cerdedo-Cotobade.



## Impulso de medio cento de accións para consolidar o turismo

A vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, presidiu no Salón de Plenos da Deputación a última reunión do ano deste órgano participativo e consultivo impulsado pola institución provincial, ante o que explicou a programación realizada ao longo deste ano 2022, con medio cento de accións distintas.

A deputada subliñou que estas actuacións cumpriron un dobre obxectivo. “Por unha banda, converteremos o turismo nun dos eixos da acción política da Deputación, apostando por un sector que achega riqueza e emprego, que difunde a imaxe da provincia lonxe das nosas fronteiras e que, dun xeito fundamental, xera

opcións de desenvolvemento no rural e axuda a fixar poboación no territorio”, afirmou. E por outra banda, “avanzamos cara a consolidación do modelo turístico da Deputación, de calidade, sostible, non masificado e desestacionalizado”. Un modelo, sinalou García Porto que “aproveita o inmenso patrimonio natural e cultural da nosa provincia”.

A institución, sinalou, busca “sinerxías transversais, de xeito que unhas accións reforcen ás outras”, e fomenta “vagas de interese que chegan cada vez máis lonxe”, ao tempo que fixo “un importante esforzo por potenciar o turismo de proximidade, de pequenos desprazamentos que se poden realizar en calquera momento do ano e que resulta fundamental para a desestacionalización”.



# DEPORTES

## Burela acollerá a Supercopa feminina o 28 e 29 de xaneiro

As Supercopas de España, que se disputarán o próximo mes de xaneiro, xa teñen sede. Alzira acollerá a masculina o 7 e 8 de xaneiro, mentres que a feminina disputarase en Burela o 28 e 29 de xaneiro.

Barça (campión de Liga e Copa de España), Movistar Inter (mellor clasificado en Liga regular), Elpozo Murcia Costa Cálida (finalista de Copa de España) e Besoccer UMA Antequera (campión de Copa do Rei) serán os equipos que se xoguen o primeiro dos títulos no Palacio dos Deportes de Alzira. As semifinais disputaranse o 7 de xaneiro, mentres que a final será ao día seguinte.

Pola súa banda, Futsi Atlético Navalcarnero (campión de Liga), Pescados Rubén Burela (campión de Copa da Raíña), STV Roldán e Torrelblanca Melilla (os dous mellores clasificados en Liga regular) disputaranse o título feminino no pavillón Vista Alegre de Burela. Esta será a primeira Supercopa con catro equipos. As semifinais serán o 28 de xaneiro e a final o domingo 29.



O concelleiro de Deportes, Ramiro Fernández Rey, fai unha valoración moi positiva da elección de Burela como sede da Supercopa de España de fútbol sala feminino. Para o edil esta decisión da Federación Española de Fútbol ven recoñecer o traballo realizado polo club e polo Concello e considera que terá unha repercusión importante no comercio e na hostalería de Burela e tamén noutros puntos da Mariña.

Ramiro Fernández contou que “van vir catro equipos con todo o despregamento que fai a Federación Española de Fútbol a nivel organizativo,

coa xente que trae para preparar o evento, máis os árbitros que virán dirixir eses partidos. Polo tanto imos ter unha fin de semana con moita afluencia de xente aquí, en Burela, o que esperamos que noten a hostalería e o comercio local, que ao fin e a cabo era polo que pelexamos para traer este tipo de eventos. Temos experiencia na organización de campionatos como este e penso que as cousas van saír perfectamente, como sempre, e tanto o Concello como o club imos poñer todo o apoio e o noso bo facer para que todo saia ben”.

## Os xogadores de bolos de Xove foron homenaxeados



Os xogadores de bolos do Concello de Xove foron homenaxeados no campo de bolos do Centro Social de Lago, durante o intermedio da competición da Liga de Bolos do Concello que tivo en Lago a súa 10ª e última tirada deste ano.

“Que o noso Concello é unha potencia neste deporte non é un secreto, xa que hai moitos anos que dende o Concello se apoia este deporte, organizando competicións deportivas e apoiando aos xogadores federados”, dixo Mario Eijo Barro, Técnico Municipal

de Cultura e Comunicación. “Os xogadores do Club, nas distintas categorías (individual, parellas, mixtos, seniors femininos e masculinos, xuvenís,...), veñen tendo un desempeño importante neste deporte, acadando importantes logros nos distintos campionatos nacionais e tamén galegos. Lóxicamente, ademais da importante impronta deportiva, temos que agradecerlles que paseen o nome do noso Concello por toda Galicia e tamén por algúns lugares fóra de Galicia (Asturias, Madrid,...)”, engade Eijo.

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
Concello: 982 55 80 01  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
Concello: 982 12 40 02  
Garda Civil: 982 12 41 94  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
Concello: 982 58 60 00  
Policía Local: 982 58 62 11  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
Concello: 982 55 77 77  
Policía Local: 615 52 10 52  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
Concello: 982 14 00 27  
Policía Local: 982 13 36 40  
Garda Civil: 982 14 04 44  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
Concello: 982 12 10 06  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
Concello: 982 52 40 03  
Policía Local: 982 50 70 40  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUIROL**  
Concello: 982 55 91 09  
Garda Civil: 982 56 10 39  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
Concello: 982 34 22 77  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
Concello: 982 12 86 50  
Policía Local: 982 12 86 50  
Garda Civil: 982 12 80 48  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
Concello: 982 13 50 11  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
Concello: 982 57 40 00  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
Concello: 982 59 00 02  
Garda Civil: 982 59 01 81  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
Concello: 982 56 01 28  
Policía Local: 982 56 29 22  
Policía Nacional: 982 56 17 11  
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
Concello: 982 59 20 01  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

**TELÉFONOS DE INTERESE**

Emerxencias: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085

Garda Civil: 062

## O club de Bolos Xove celebrou a décima tirada

Por Mario Eijo.

O club de Bolos Xove celebrou a décima tirada de bolos no centro social de Lago onde participaron 29 xogadores nunha tarde agradable e cun campo en perfectas condicións.

Na Liga Sénior Masculina o líder continúa cun xogo moi sólido e regular; coa súa victoria apuntala un pouco máis o liderato e xa ten unha estimable renda de 18 puntos sobre Javier Alonso. Javier, que comezou moi forte e despois tivo un pequeno baixón, pese a súa xuventude está aguantando moi ben a presión e mantén o tipo, pese a perder algún punto con respecto a Miguel. Pero Javier Alonso, ademais de mirar para arriba, ten que mirar para abaixo e ahí está Arturo Vigo a só 14 puntos. Resumindo, os tres primeiros están afianzados nas súas posicións pero deberán manter o nivel nas próximas tiradas para evitarse disgustos.

Por detrás un nutrido grupo de xogadores con máis de 30 puntos e inda con posibilidades de acceder aos postos de cabeza, pero van ter que mellorar moito; Rafael González, Daniel Alonso e Jordi Meitín teñen o

terceiro posto relativamente accesible e inda teñen posibilidades porque quedan 8 tiradas, todas a celebrar de xaneiro a marzo do vindeiro ano.

Na Sénior Feminina queda por ver en que xornada Julia López se proclama campiona. Se miramos o resto da táboa, Belén Meitín vai moi ben encamiñada ao subcampeonato, e deberá manter o seu nivel nas vindeiras tiradas. Para o terceiro posto temos a veterana Salomé Bermúdez, acechada por Concepción Piñeiro, separadas por só 4 puntos. Carmen Roca con 15 puntos e Paula Campo con 12 inda teñen as súas opcións para asaltar a 3ª posición de Salomé Bermúdez.

No tocante á Liga sub 16, a victoria de Naia Cancelos e a ausencia do seu irmán Jordi, fai que neste momento estén empatados a puntos na táboa xeral. A segunda posición na tirada do xovencísimo David Vigo aúpaio á terceira posición da táboa con 19 puntos, en detrimento de Christian Cocifña (14 puntos).

A vindeira tirada de bolos será para o sábado 14 de xaneiro na boleira do Club de Palmeiro.

## Os Troitas Bravas, da Pontenova, seguen á cabeza da liga de billarda

Por Daniel Rodríguez Saavedra da Asociación O Varal.

Por primeira vez, a LNB NorLeste celebrou unha xornada de liga en terras asturianas, foi en Castropol, onde o Concello se involucrou e deu todo tipo de facilidades para a realización do I Aberto Villa de Castropol.

Foi unha exemplar organización dos Troitas Bravas, que amosan unha vez máis ser uns campións dentro e fora da competición, habilitando seis campos perfectamente acondicionados e marcados, dous deles para adestramento e catro para competir.

As pésimas previsións de mal tempo fixeron recuar a moitos dos habituais. Aínda así a participación foi máis da agardada (50 homes, 8 donas e 5 cativos) e a chuvia respectounos. So un vento racheado incomodou os palanadores en liza.

Charli, o zurdo de ouro de Carabullo, non atopou resistencia no seu grupo e impúxose cun pleno de 25 puntos para gañar a xornada e consolidar o primeiro posto na xeral. Mark, trocou os alisios canarios en forte vendaval. Acadou o segundo chanzo e deu un bo empuurrón para levantar con 24 puntos ao Madia Leva ao segundo caixón. E terceiro foi Luis con 23



puntos redondeando unha xornada gloriosa de Troitas Bravas, que foron os gañadores por equipos e tiveron representación en todos os podios.

Os so catro compoñentes que presentou Billarda Verde, non flaquearon e foron quen de acadar o terceiro posto por equipos.

En donas, Sandra de Troitas Bravas, tivo unha moi boa xornada e colouse como segunda entre as Billardeiras Musicais, Geni e Aroa, que foron primeira e terceira respectivamente.

En infantís, os cracks Mateu e Diego son un seguro para Madia

Leva e dominaron por diante das irmás Antía e Alba de Troitas Bravas, que compartiron o terceiro posto.

Don J. Antonio Martínez Rodríguez, Antón, concelleiro de deportes de Castropol, participou activamente na xordada e amosou moi boas maneiras zoupándolle a billarda. Xa no remate foi quen fixo a entrega dos agasallos aos gañadores do aberto.

A liga regular retómase o día 5 de febreiro en Riotorto mais o vindeiro sábado 14 deste mes xogárase en Castro de Riberas de Leva o Aberto Galiña de Mos.

## O Campionato de España de Ciclismo Adaptado volve ao Concello Viveiro



A Comisión Delegada da RFEC aprobou na súa última reunión a data e sede do Campionato de España de Ciclismo Adaptado en estrada 2023. Así, Viveiro acollerá do 19 ao 21 de maio o nacional 2023, un evento sinónimo de paixón ciclista no que os mellores especialistas nacionais, entre os que se atopan algúns dos mellores do mundo como Ricardo Ten, Sergio Garrote, Luís Miguel García-Marquina ou Eduardo Santas volverán expoñer todo o seu talento tanto nas probas contra o crono como en liña.

Doutra banda, o Palau Velòdrom Lluís Puig de Valencia será o escenario no que se dispute do 9 ao 11 de xuño o Campionato de España de Ciclismo Adaptado en Pista 2023.

## O Ribadeo FS recibiu unha achega para a adquisición de equipamento deportivo



O Ribadeo FS é un dos clubs máis representativos do municipio polos valores que inculcan a os nenos e nenas do club, por iso o grupo municipal popular fixo unha achega para adquirir 70 mochilas para os membros do club.

O grupo municipal resalta o seu compromiso axudando ao club na tramitación dunha das achegas da Xunta e Galicia para a renovación do equipamento do club.

Neste sentido, o coordinador de deportes, Tito Suárez, explica que "nos seguimos traballando polo deportes ribadenses, mantendo o noso compromiso coas entidades deportivas. O Ribadeo FS demandábase, despois de varias reunións, unha achega para contar con novas mochilas para a temporada 2022-2023, e por iso axudamos nas xestións ante a Xunta de Galicia e agora xa contan co equipamento".

## En maio será o XVII Torneo Internacional de Veteranos de Ribadeo

O XVII Torneo Internacional de Veteranos xa t en data para o ano 2023 e celebrarase os días 27 e 28 de maio. No evento, deste ano 2022 que estivo organizado pola Asociación Deportiva de Veteranos do Ribadeo FC, participaron 52 equipos chegados desde Bélxica, Reino Unido, Portugal e diferentes puntos do Estado.

Son máis de 1.000 persoas as que de venres a domingo encherán os hoteis e os restaurantes de Ribadeo.

Xa se coñece a algúns dos participantes como o Atlético Cies, de Vigo; o Abogados Valencia, de Valencia; o Abogados Oviedo, de Oviedo; a Selección Brasileira en Madrid; o A.L.V.L., de Isla Mayotte, Francia; o Atlético Carlos Paz, de Villa Carlos Paz, Arxentina; o Paio Pires FC, de Setúbal, Portugal; o Marino de Luanco, Asturias; os Panteras de Vitoria-Gasteiz, Álava; o Mfandena United, de Camerún; o Spórting Clube da Vista Alegre, de

Aveiro, Portugal; a Peña Madridista Alcalá La Real, de Madrid; o Spórting Coruña; os Veteranos Santoña FC; SRC Vétérans 22 de Lorena, Francia; Cercedilla Veteranos; Paraguay-Asturias; Merendero Ofiberia, de Marín; Sociedad Deportiva Aller, Asturias; FC Rossonero da Coruña; CA Marcilla Aurora Veteranos, de Navarra; Club Veteranos Castrillo del Val, Burgos; Vila Pouca, de Vila Real, Portugal; Selaya FC de Cantabria; Paraguay de Gijón; CD Galapagar; Veteranos Atlético Puertollano, de Cidade Real; Veteranos Deportivo Club El Arenal, de Ávila; Grupo de Fútbol Azul e Oural, de Setúbal; Veteranos Rommel Fernández, de Santiago do Teide; CF Lloreda Veteranos, de Badalona; CD Rúa, de A Rúa; Amigos da Terceira Parte, de Marinhais, Portugal; Asaeb, de Arxelia; Deportivo Alhaurín, de Málaga; Bucéfalos, de Carballiño; Club Deportivo Charro, de Salamanca; Club Deportivo Ríoseco, de Valladolid; CD Tineo, de Asturias.

# O fútbol comeza o segundo asalto

A liga reanudouse a primeira fin de semana de xaneiro tras un descanso de tres semanas, algo máis nas categorías máis elevadas

A liga 2022-23 retomouse a primeira fin de semana de xaneiro tras un descanso de tres semanas, aínda que algunhas categorías esperarán ata a fin de semana do 14 e 15 para volver saír ao verde.

Esta primeira fase trouxo un pouco de todo aos distintos equipos da provincia. O mellor situado nas categorías sénior, o Lugo, que milita na Segunda División, marchou ao descanso na parte baixa da táboa, no posto 19 e moi preto da zona de descenso. Retomou a competición o pasado venres 6 de xaneiro, en Leganés con derrota e baixada dun escalón.

Tampouco foi moi boa a tempada para o Polvorín no seu debut na Segunda B. O equipo lugués volveu con vitoria suma 14 puntos en 16 xornadas, nos que gañou en tres ocasións, empatou en 5 e perdeu en 8.

Con 7 vitorias, 6 empates e 1 derrota o Vilalbés marchou de vacacións en Terceira, no posto de prata e con aspiracións unha vez máis a xogar o ascenso, polo que leva pelexando xa varias tempadas. Comezou con empate. No mesmo grupo está o Viveiro, na zona media da táboa, só 9 puntos por debaixo, con 5 vitorias, 4 empates e 6 derrotas.

En Preferente a Sarriana é o mellor situado de todos, na segunda posición e a 4 puntos do líder. Sumou 12 vitorias polo momento, 1 empate e 4 derrotas.

Once puntos por baixo, na décima praza, o Residencia pechou este primeiro ciclo de Liga con 6 vitorias e 5 empates, os mesmos que derrotas, pero regresou para sumar unha vitoria máis. O Ribadeo está na posición 12, tamén con 7 vitorias pero neste caso con 8 derrotas e 2 empates.



Tres equipos máis están na parte baixa, loitando por conservar a categoría, o CD As Pontes, que cambiou de adestrador, ocupa a posición 16 con só 3 vitorias en 16 encontros. O Lemos está na mesma situación aínda que cunha vitoria máis pero con máis derrotas.

O debutante Portomarín pagou caro o ascenso, xa que colleitou só 6 puntos dunha vitoria e tres empates.

Xa nas competicións de afeccionados, o Pol lidera a táboa de Primeira con 12 vitorias de 16 partidos e dúas derrotas, a última no partido de inicio do curso. Ao equipo polense escapouse o ano pasado o ascenso pero este ano ten claras as ideas.

Na Segunda, o Meira está comodamente asentado no liderado do grupo Norte, con 36 puntos, 4 máis que o segundo, posto que ocupa o Folgueiro, que xunto con Cospeito, Muimenta e Iberia están en postos para disputar os play off de ascenso. A parte negativa está para o Goiriz, que pecha a lista.

No Sur, a situación cambiou co novo ano. Lidera agora o Guntín por un punto e con dez vitorias, igual que o Friol. O resto de postos de play off son para Ferreira, Oural e Milagrosa e o de descenso para o Carballedo.



En Terceira, o Vilalbés B, que vén de crearse, ocupa o liderado con ampla vantaxe de 6 puntos e ten a promoción na súa man. No posto de prata está o Catro Roldas, tamén en posto de promoción. Para os play off están Abadín, Mondoñedo, Nuevo Nausti e Friol B.

No Sur, as dúas primeiras prazas son para Quiroga e Palas, mentres que os play off están ocupados polo de agora por O Incio, Rubián, Castroverde e Santa Comba.

Nas ligas femininas o Friol ocupa a posición 14 na Segunda División tras unha dura tempada na que só se levaron dúas vitorias.

En Primeira Galicia o Lugo está a facer una espectacular tempada. Ocupa a terceira praza, dentro do grupo

de ascenso. O Antas, pola contra, sancionado por un partido, segue co marcador a 0 malia ter gañado un único partido. Está a pasarlle factura o escaso do banco.

Na Segunda Galega, o Friol B só coñece a vitoria polo momento como líder absoluto do grupo onde están incluídos todos os equipos da provincia. Nos outros catro postos para a promoción de ascenso están os lugueses San Lázaro, Chantada e San Roque; co Carballedo na sexta praza, que podería participar tamén no ascenso na segunda fase. Monte Forte, que empezou moi ben pero caeu posicións, e Milagrosa sobreviven na parte morna da táboa e a Comercial, escasa de efectivos, pecha o grupo.

**FÚTBOL BASE NACIONAL E GALEGO.** Nas categorías nacionais, o Lugo A, na División de Honra xuvenil, está quinto tras outro gran inicio de tempada. O B está na parte morna, mellorando día a día pero nunha zona perigosa, aínda que os últimos resultados apuntan un bo traballo.

Os equipos do Lugo das máximas categorías cadete e infantil teñen resultados dispares. Os maiores están novenos mentres que os máis pequenos están nunha discreta posición 13 de 16 equipos tras un aciago reinicio da competición. O cadete do Viveiro, que debutou este ano, segue a obter resultados castigadores e no sae do fondo da táboa.

Nas categorías galegas, o Viveiro xuvenil está sexto, seguido do Vilalbés, que queda na posición 11. O Residencia ocupa a 13, o Milagrosa a 15 e o Ribadeo pecha a lista no posto 20 cunha única vitoria.

Na cadete o Lugo B é o mellor da provincia e xa está cuarto mentres que Milagrosa e Viveiro están na parte baixa. O Calasancio, no grupo do sur, ocupa a novena praza.


Tres equipos representan á provincia na infantil. Viveiro e Vilalbés ocupan o medio, prazas 8 e 10, respectivamente. O Residencia está 13 dos 16 que hai.

Nos grupos femininos o Milagrosa e o Friol cadetes pechan a lista de equipos na clasificación pero as albi-vermellas infantís ocupan xa a cuarta praza.

Nas ligas provinciais, o Piringalla, Sarriana, Foz e Becerreá están nas catro prazas que disputarán os play off de ascenso ás galegas na categoría xuvenil. Vilalbés e Pontenova no norte e Residencia e Corgo no sur posiciónanse na cadete mentres na infantil as prazas están ocupadas por Lugo B, Burela, Polvorín e Piringalla.

## O Spórting Pontenova prepara unha cea-baile

O Spórting Pontenova organiza unha cea-baile o venres 20 de xaneiro ás 22.30 horas no local das sociedades. A festa comezará cunha sesión vermú ás 21.30 horas. Despois será a cea que constará dun menú para adultos con empanada de lacón, fabada, tenreira guisada, bebida, sobremesa e café; e un menú infantil con tortilla, pizza, embutidos, tenreira guisada e sobremesa infantil. Tamén haberá música para amenizar a xornada a cargo de Dúo Estrellas. Para reservar hai que mercar os vales no Lar de Balbina e teñen un prezo de 15 euros infantil e 23 adulto antes do mércores 18 á noite.



**NIHON TAI-JITSU.** Medio cento de competidores de toda Galicia e distintas partes de Asturias, desde a categoría alevín ata a sénior, participaron no XIV Campionato de Nadal de Nihon Tai-Jitsu. A competición englobou as modalidades de Kata e Goshin Shobu, que consisten na realización de técnicas propias do Nihon Tai-jitsu e da defensa persoal.

## Acondicionado o campo de fútbol da Devesa

Investíronse preto de 20.000 euros no acondicionamento e melloras de instalación do campo de fútbol da Devesa e a instalación dun novo ximnasio para os membros do club. "O Ribadeo FC é un dos clubs máis representativos do municipio polos valores que inculcan a os nenos e nenas do club e por ser motivo de reunión cada fin de semana para ver competir aos xogadores das distintas categorías", din dende o grupo municipal popular.

**ACTUACIÓNS.** Pola súa parte, o coordinador de deportes, Tito Suárez explicou que "despois dunha

xuntanza coa directiva do club onde nos facían chegar as súas preocupación por adestrar con garantías esta semana, xa que as instalacións municipais que viñan utilizando non estaban en condicións. Pois ben, puxémonos a traballar codo con codo con eles e, desta reunión saíu que lográbamos amañar e acondicionar o campo de fútbol do campamento xuvenil da Devesa, por un importe de 19.000 euros. Ademais colocamos alumeados, arranxábase e resembrábase o céspede, colocábase unas redes nas porterías e detrás das mesmas para que non se foran os balóns", di Suárez.

## MAR

## Eu como peixe de Burela, unha campaña para achegalo aos máis pequenos da casa



En colaboración coa Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela, a nutricionista Alba Vila celebrou o pasado decembro a xornada divulgativa Eu Como Peixe, dirixida aos nenos e nenas de seis a oito anos do Colexio Plurilingüe Virxe do Carme de Burela. A xornada consistiu nunha charla divulgativa sobre os beneficios de comer peixe, impartida pola nutricionista Alba Vila, que ademais dos seus centros de dietética en Burela e Foz, tamén coordina os menús dalgún colexio da zona. Os pequenos amosáronse moi atentos durante a presentación, seguindo os debuxos e explicacións sobre algunhas das principais especies da lonxa de Burela:

pescada do pincho de Burela, peixe sapo, peixe espada, cabala e bonito do norte; e aprendendo as principais diferenzas entre o peixe azul e o peixe branco.

No acto participaron uns 30 alumnos de primeiro e segundo de educación primaria, que ao final da charla recibiron un regalo en forma de mandil e gorro de chef cos que prometeron que axudarán a cociñar moito peixe nas súas casas.

Esta acción da Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela inclúese no su plan de produción e comercialización, en colaboración con Armadores de Burela e está cofinanciada pola Xunta de Galicia e o FEMP.

## Eliminado o desconto directo ao combustible pesqueiro

O deputado do Grupo Popular e presidente da Comisión de Pesca e Marisqueo do Parlamento de Galicia, José Manuel Balseiro, lamenta que o Goberno central decidira eliminar o desconto directo no surtidor para o combustible pesqueiro e alerta para que esta medida supón unha nova carga burocrática para a frota e as empresas pesqueiras. Segundo o popular o feito de que o Executivo acordase eliminar a axuda directa de 20 céntimos por litro, que se aplicaba de xeito automático no momento de repostar o combustible, e substituíla por unha liña de axudas de pago único, non responde ás expectativas do sector e, o que é máis grave, está moi limitada ao ter a consideración de axudas de Estado.

Co novo modelo poderán recibirse axudas de entre 1.000 e 300.000 euros por barco, en función do consumo estimado de gasoil, das características da embarcación e do caladoiro no que opere, pero empresas con varios embarcacións



poden superar o límite e quedar excluídas destes apoios, a pesar de ter que facer fronte ao pago total do gasoil sen ningún desconto. Ademais estas axudas de Estado inclúe outras limitacións que agora non existían, como estar corrente ao pago da Seguridade Social e de Facenda, nun contexto de crise no que poden retrasarse estas obrigas tributarias e requiren tamén certo papeleo, situación que contrasta co anterior desconto automático.

## Piden ampliar a rebaixa do IVE tamén aos produtos do mar

O deputado do Grupo Popular e presidente da Comisión de Pesca do Parlamento Galego, José Manuel Balseiro, reclama ao Goberno de Pedro Sánchez que rectifique e acorde de xeito inmediato a rebaixa do imposto do valor engadido (IVE) tamén para os peixes e mariscos.

Segundo o deputado popular a actual exclusión dos produtos do mar do paquete de medidas contra a inflación “é unha decisión inxusta e discriminatoria” co sector da pesca que, “como todos sabemos non está a pasar polos mellores momentos, polo que merece medidas de apoio”.

Balseiro asegura que peixes e mariscos reúnen todas as condicións para ser considerados como un “alimento esencial” ademais de imprescindible “para un dieta saudable” polo que precisan o mesmo trato fiscal que o Goberno de esquerda está dando a outros produtos de primeira necesidade.



O deputado mariñán avanza tamén a presentación de distintas iniciativas parlamentarias dirixidas a forzar unha rectificación do Goberno socialista e pide que A Moncloa escoite o clamor que esta reivindicación ten no conxunto das asociacións e entidades do sector pesqueiro e á propia Xunta.

Con todo Balseiro explica que esta petición “non nace agora” senón

que é unha demanda recorrente nos últimos anos. “Sempre defendemos que os produtos do mar deberían ter o IVE máis baixo. Agora, por congruencia e proporcionalidade meren gozar da mesma rebaixa que o resto dos alimentos básicos”, medida “que tamén contribuiría a estimular a demanda destes produtos e apoiar empresas e profesionais do mundo do mar”.

## A federación veciñal Lucus Augusti pide que San Cibrao sexa Autoridade Portuaria

Desde a Federación de AA.VV. Lucus Augusti de Lugo, veñen de reivindicar e sumarse á campaña iniciada pola Confederación de Empresarios de Lugo -C.E.L.-, para que a provincia, a través do Porto de San Cibrao, teña Autoridade Portuaria propia.

Na actualidade Lugo é a única provincia do conxunto de España que, tendo costa e Portos de Interese Xeral carece de Autoridade Portuaria propia, xa que oficialmente anexionase ao Porto de Ferrol, constituíndo a Autoridade Portuaria de Ferrol – San Cibrao.

Cabe sinalar que, considerando por separado o tráfico de mercadorías do Porto de Ferrol, e o do Porto de San Cibrao, respectivamente, este último ocuparía o segundo lugar nesta categoría entre todos os Portos de Galicia, unicamente por detrás do Porto da Coruña.

Ademais, en canto á actividade propia da Autoridade Portuaria, o devandito Porto “representa o 60% do tráfico de mercadorías en

toneladas do conxunto”, din, “a reflexión é que San Cibrao é unha infraestrutura infrautilizada, con concesión exclusiva para Alcoa”.

“Non obviamos, tampouco, o feito de que posúe unha localización privilexiada e estratéxica para a entrada e saída de mercadorías cara a Portugal ou Centro Europa, a través da Autovía do Cantábrico. Circunstancia, que consolidaría o seu valor, de facelo tamén o eixo ferroviario cara á Meseta Central”, engaden.

Outro dato para ter en conta, é que San Cibrao constitúe o porto de maior calado da Mariña Lucense. Este feito, permitiría que complementase ao Porto de Ribadeo -que xa move, na actualidade, entre 500.000 e 600.000 toneladas anuais de mercadoría-.

Desde a Federación de AA.VV. Lucus Augusti de Lugo, propoñen deseñar os pasos e accións necesarios para lograr este xusto obxectivo, que é que o Porto de San Cibrao sexa Autoridade Portuaria propia.

## Solicitan a revisión dos coeficientes redutores dos traballadores do mar

O deputado José Manuel Balseiro demandou no Parlamento galego ao Goberno central a modificar a lexislación vixente para proceder á revisión dos coeficientes redutores dos traballadores e traballadoras do mar, adecuando os mesmos ás circunstancias actuais da frota e da actividade marítimo-pesqueira, marisqueira e acuícola.

Balseiro lembrou que “o Parlamento galego xa aprobou en tres ocasións iniciativas que solicitan que os gardacostas de Galicia poidan acollerse ao réxime especial do mar, que poidan beneficiarse de coeficientes redutores e que se reduza a idade mínima a partir da que poderán solicitar a súa xubilación e recibir a pensión á que teñen dereito”.

Neste sentido, insistiu que “hai que cambiar a lei e reformar o sistema de coeficientes e actualizalo, adaptándoo á realidade actual da pesca”. “A única solución posible é facer unha revisión completa do sistema de coeficientes e adecualo a todas as casuísticas que afectan aos profesionais do mar”, engadiu.

# “Debemos deixar que a xente medre dentro do sector”

**Basilio Otero é presidente da Federación Nacional de Cofradías de Pescadores**

José Basilio Otero Rodríguez renovou no seu cargo como presidente da Federación Nacional de Cofradías de Pescadores, FNCP, aínda que tamén é patrón maior de Burela.

**Renovou no seu cargo xunto cos representantes das outras tres federacións provinciais. Que se sente?**

Pois sinto moito agarimo e sobre todo quero agradecerlle aos meus compañeiros. Xa son dúas lexislaturas ao fronte deste ente e ademais xa son moitos anos máis sendo patrón maior de Burela, dende o

**pesca de fondo?**

Neste momento estamos á espera da contestación por parte de Bruxelas ao recurso que foi presentado pola OPP-7 de Burela. Ademais a Xunta de Galicia anunciou recentemente que se se suma a este recurso como parte coadjuvante para intensificar o apoio. Respecto a este veto, o último que sabemos é que o ICES xa tiña que ter entregado un novo informe, o cal deixárono para o mes de xaneiro, polo que nos comunicaron a comisión fará unha serie de consultas coa frota e coas administracións.

**Cales son os prazos?**

A normativa europea, que non é nada parecida á estatal polo que din os xuristas, é lenta, e este tipo de recursos adoitan tardar uns 3 anos.

**En que momento se atopa a pesca no Estado?**

Fai uns días houbo un Consello de Ministros é volvemos cunha sensación agridoce polo tema da cotas. Foi moi bo para a pesca e, para a cabala, malia a baixada da cota desta última, xa que rematamos a multa pola sobre pesca que cada ano restábanos automaticamente máis de 5.500 toneladas. Dende logo houbo unha forte redución en tres casos, o primeiro no xurelo no Norte reducindo o TAC e prohibindo a pesca dirixida, segundo no descenso do 36% de cigala no golfo de Cádiz e terceiro na redución do 7% dos días de pesca no Mediterráneo.

**E na comarca da Mariña?**

No relativo a esta zona afecta sobre todo no tema de xurelo de dúas formas: aféctanos na redución tan drástica que houbo, e tamén na pesca dirixida. Aínda

que sobre todo afecta no cerco de arrastre, palangre de fondo, volanta e artes menores. A estas catro con moitísima diferenza. Tamén foi moi bo resultado para a cabala, polo mencionado antes do tema da sanción, e para a pesca tamén houbo luces e sombras pois sube moito respecto ao ano pasado.

**Cre que hai relevo xeracional no sector?**

Sinceramente non, pois é moi difícil inculcarlle á xente nova este labor, pero tamén pola nosa culpa de non saber comunicar o que facemos e o bo tra-

**“O meu consello é que comamos todo o peixe que poidamos para estar sans e fortes, e máis en Galicia, onde dispoñemos duns produtos pesqueiros exquisitos”**

ballo que é. Como din un compañeiro, hai que ser proactivos.

**Hai formación para o sector?**

Non. É un tema polo que si que temos que pelexar. Debemos dar unha formación que sirva e debemos deixar que a xente medre dentro do sector e abandonar tanto título universitario. Hai moi bos mariñeiros que por non ter o título non poden ascender malia ter centos de horas de práctica. Neste senso a nosa comunidade veciña, Asturias, é unha pioneira, pois contan cunha certificación por experiencia profesional. Así un patrón local pode facer un exa-



me oral é pode ascender. O problema é que as competencias están transferidas a cada comunidade, entón cada unha vai á súa maneira. Este modelo xa o copiou o País Vasco e Cantabria e é un éxito, e nós deberíamos ter algo similar pois somos a comunidade con máis frota de toda a Península. Ademais estás garantindo que alguén que xa sabes que lle gusta o mar siga no mar, pero con outras condicións e salarios.

**Cal é o papel da muller neste sector?**

A muller sempre estivo aí, o que fai falta é visibilizar o seu papel. De feito creamos o Grupo Ad hoc de mulleres dentro da Federación Nacional para isto, para darlles voz as centos de mulleres que non son socias das confrarías pero si son vitais como nais e cabezas de familia e isto hai que poñelo en valor. De feito en Galicia estamos a anos luz do resto do Estado, a integración que temos en aquí aínda está comezando noutras

zonas da Península. Por exemplo no 2019, Manuela Leal, foi nomeada Patrona Maior da Cofradía de Pescadores de Conil de la Frontera, un cargo que aquí hai dende fai moitos anos. Este ano modificamos os estatutos para crear 5 vicepresidencias na Federación Nacional e unha delas é a da Muller, que está liderada por María del Carmen Navas, Patrona Maior de La Caleta de Vélez en Málaga, e é presidenta do Grupo Ad hoc de mulleres da FNCP.

**Por que é importante comer peixe?**

Son moitos os beneficios de comer peixe e marisco xa que conta con innumerables valores nutricionais. Ademais hai moitos estudos que amosan que produce serotonina polo tanto produce felicidade. O meu consello é que comamos todo o peixe que poidamos para estar sans e fortes e ser máis intelixentes e máis en Galicia onde dispoñemos duns produtos pesqueiros exquisitos.

**“Aquí non hai persoas, senón que somos un equipo. Por iso estou moi agradecido a todos eles pois repercute no éxito da Federación e na Confraría é o equipo”**

2008. Iso quere dicir que fai ben o seu traballo e que a xente o aprecia. Si, pero non so a min, senón ao equipo que está comigo. Aquí non hai persoas, senón que somos un equipo. Por iso estou moi agradecido a todos eles pois repercute no éxito da Federación e na Confraría é o equipo.

**A canta xente representa?**

Como presidente da Federación Nacional represento a uns 9.000 barcos, 20.000 mariñeiros e armadores e unhas 200 confrarías.

**En que punto se atopa o veto á**



# COLABORACIÓN

## A miña naiña

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

O primeiro que se me ocorreu facer á hora de comezar esta columna foi buscar a definición de nai no dicionario da RAG e atopei isto: muller, ou femia en xeral, que tivo un ou varios fillos. E non fixen máis que estar en profundo desacordo. Motivo polo cal, pechei de novo o aparello no que estaba a escribir e deixei un documento en branco con tan só unha liña solitaria ao comezo. Pode que non fose unha decisión acertada neste caso, pero é o que acostumo a facer cando teño un problema semántico, buscar no dicionario. Transcorreu o día cunha pasmosa normalidade ata que pola tardiña decidimos ir ao cine ver unha estrea mundial, Avatar. E aí xa deron unha definición que me gustou máis, porque acae me-

llor, un pai protexe á súa familia, este é o mantra que o exmarine Jake Sull se repite a si mesmo durante varias etapas da súa nova vida ao longo de toda a película. Cando teño unha preocupación, ou algo me perturba o máxím, adoito ver sinais por todas partes, todo me recorda á teima que me ocupa, querendo ou sen querer. Falo coa nai do meu alumno P. que me vén traer un galano que quedou baixo da súa árbore esquecido porque no papel poñía o meu nome. Falo con ela e lembro conversas que manteño con moitas nais e pais ao longo das semanas. É ben certo iso de que non hai un manual de instrucións para cos fillos, e permítome recordarlle que o está a facer moi ben, porque toma todas as decisións procurando o mellor para o seu pequeno homiño preuniversitario, polo que todas son boas. Independentemente de que se esté a equivocar, decide procurando a felicidade do seu fillo. Iso é o que sempre fixo a miña nai, antepo-

ñer a miña felicidade. Priorizarme por riba do seu alento na meirande parte das ocasións. Hai unha frase que repite a miúdo, cando debatimos sobre a educación dos agora máis cativos da casa: "A mellor herdanza que che puideren deixar foi formación e educación." E, efectivamente, se hoxe son Matemática, así con maiúsculas, é por obra e graza da miña nai. Porque cada vez que a chamaba sen folgos querendo deixar a carreira, sabía o que me había dicir. Lonxe da realidade idílica, a súa contestación acostumaba a ser, "Bueno, vente, mañá érgueste ás cinco da mañá e téñoche eu traballo no que non teñas que empregar a cabeza". Malia que moitas veces eu pensase que o que precisaba eran palabras de alento, a ela funcionoulle, porque nunca me vin de volta para traballar e sempre avoguei por erguer a cabeza e seguir, ou mellor dito, baixar a cabeza e seguir estudando malia que me escorresen as bágoas polas meixelas. Non

tereí a nai máis doce do mundo, pero para min si que foi a millor. E os que temos esa sorte, de ter uns pais entregados e bós, nunca agradecemos o suficiente a dedicación e empeño que poñen en facer de nós unhas boas persoas, aspiración máis grande sempre de Belén.

Se todo poder conleva unha gran responsabilidade, non me cabe dúbida de que a de ter un fillo é das máis difíciles, e probablemente tamén das máis satisfactorias, pero para todo hai que valer. Todos estamos de acordo en que nai é a que cría, e hai maneiras e maneiras de criar. Dixo Mandela que nada di máis da alma dunha sociedade que a maneira en que trata aos seus fillos, e coído que deberamos reflexionar sobre isto, sobre o que estamos a facer cos máis novos, e digo facer, e non dicir, porque son das que pensan que educar pasa por exemplificar. Aínda que sone a tópico, cada vez estou máis de acordo en que somos o

que vemos na casa. Porque a primeira mestra dun neno é a nai, nais que me din que ter un fillo é coma partir o corazón en anacos para entregarlles un pedaciño a cada un. Por iso non hai termo para cando unha nai perde un fillo, porque non hai palabra capaz de cuantificar tanta dor.

Malia que nos semelle sempre que son demasiado duros para nós, é certo o que di Poncela, por moi severo que sexa un pai xulgando un fillo, nunca é tan severo coma un fillo xulgando un pai. Todo canto son, débollo á miña nai, porque foi a nai perfecta, porque para iso, hai un millón de maneiras de ser unha boa nai. Pode que non esté ao alcance da nosa man preparar o futuro para os nosos fillos, pero podemos preparar aos nosos fillos para o futuro. Por eso me fai tan feliz o meu traballo, porque podo participar na formación de ducias de futuros científicos, ou polo menos, de ducias de boas persoas, que é o realmente importante.

## Ensino e redes sociais

O PUPITRE



Julio Díaz

Un de cada tres adolescentes no noso país fai un mal uso das redes sociais, segundo un informe de Unicef. O estudo, no que participaron máis de 50.000 estudantes da ESO, revela que preto do 91% dos enquisados conéctase a internet todos ou case todos os días e, a maioría, senten relaxación, alegría ou diversión ao facelo.

As redes sociais xogan un papel clave no actual mundo dixital, xa que modifican a forma en que planificamos, interactuamos e, mesmo, gozamos das nosas vidas. Son múltiples as vantaxes das redes sociais na educación se somos capaces de aplicalas de xeito adecuado nas nosas clases.

O mundo da educación non pode quedarse á marxe da profunda transformación dixital no que estamos inmersos e debe ir incorporando cambios que nos leven a un bo uso das distintas aplicacións, tanto por parte dos docentes

como dos alumnos, no que se refire á xestión de tarefas, as clases online, as aulas virtuais, á robótica... gústenos ou non, os nosos estudantes son nativos dixitais e nin o ensino nin o profesor somos quen de evitar esa realidade.

As redes sociais teñen múltiples vantaxes; fai anos era inimaxinable a relación e convivencia de alumnos de diferentes lugares a miles de quilómetros, promovendo deste xeito unha socialización global dos mesmos desde diferentes culturas.

As diferentes redes sociais tamén axudan ao alumno a fomentar a participación, a atopar recursos e, ademais, ponlle ao alcance da súas mans unha gran cantidade de información, ca vantaxe engadida que estes recursos están en constante actualización, polo que son perfectos para tratar temas de total actualidade.

O conxunto de habilidades requiridas aos estudantes do século XXI sufriron unha profunda mutación con relación a épocas pasadas, sendo as redes sociais as que xogan agora un papel clave para axudar aos nosos alumnos a desinvolvelas. Pero non se trata só



dun lugar de aprendizaxe senón tamén dun espazo para a creatividade, a colaboración e a comunicación. Agora ben, que os nosos rapaces sexan nativos dixitais non sempre se traduce en que teñan as competencias tecnolóxicas axeitadas. Usar as redes sociais no entorno educativo e con fins educativos contribuirá a que se decaten da súa utilidade profesional e formativa mais alá do ámbito do ocio e do entretemento.

Dito todo o anterior, e ante a recente proposta presentada no Observatorio Estatal da Convivencia Escolar de que os docentes asuman a vixilancia do uso das redes

sociais por parte do alumnado monitorizando os comentarios e os hashtags, hai que sinalar que este procedemento está inspirado nun estudo elaborado polo Instituto Nacional de Ciberseguridad (INCIBE), seguindo a liña emprendida por algúns centros de ensino norteamericanos. Con todo, estes centros encargaron a empresas especialistas en monitorización este seguimento para controlar o que poñen os seus estudantes nas distintas redes sociais como Facebook, Twitter, Tuenti, Instagram... Deste xeito, resulta moi discutible atribuír esta función ao profesorado, entre outros motivos, por care-


cer o colectivo docente de cobertura legal ante a responsabilidade civil e penal que puidera derivarse de dita actividade.

Como docentes, asumimos con seriedade e rigor o noso papel na prevención e detección do ciberacoso desde a nosa condición de formadores, pero outra cousa distinta e a vixilancia do uso das redes sociais que supón necesariamente a intromisión nas contas persoais privadas do alumnado, cuestión esta que compete os proxenitores no caso de menores de idade, é a outras instancias superiores no caso dos maiores de idade.

O profesorado debemos implicarnos orientando ás familias e aos nosos estudantes nun uso adecuado das redes e de internet, transmitíndolle aos pais a mensaxe da importancia de controlar e supervisar o uso que os menores fan das TICs, tendo eles a obriga de fomentar nos seus fillos un uso adecuado das novas tecnoloxías e trasladarlles ao mesmo tempo as consecuencias e as reponsabilidades derivadas do mal uso que fagan da Web. Educar antes que prohibir.

## Momentos

### CULTURA



Rebeca Maseda

**S**empre se di que a vida é unha sucesión de momentos máis ou menos aleatorios, que debemos vivila con intensidade, que nunca se sabe o que vai acontecer. Abofé que esta serie de afirmacións é bastante acertada, por suposto, con matices. Por máis que nos esforcemos, hai moitos detalles do transcurso dunha vida que escapan ao noso control. É un feito innegable, gústenos ou non. O azar e o aleatorio son factores que debemos aprender a asumir con normalidade, incluso a aceptalos con certa ilusión. Non ter o control do mundo que nos rodea a cada momento pode resultar ata liberador. Seguro que en máis dunha ocasión escoitamos a expresión “déixate levar!”, e sexamos francos, como presta de vez en cando.

Tomar un café nunha terraza mentres lemos o xornal ou un libro que nos gusta, unha conversa entretida coa persoa sentada ao teu carón nos minutos previos ao comezo dunha función teatral, unha cea de Nadal con amigas e amigos que viven lonxe de ti, un paseo solitario no frío do inverno, recibir unha mala nova, unha tarde de sofá e manta na casa nun día tristeiro, botar unha semana con gripe, discutir con alguén por un tema importante ou non... Momentos que van compoñendo unha vida, como unha sinfonía cos seus movementos ou un libro cos seus capítulos. Non todo é transcendental ou épico, por fortuna claro.

En contraposición á idea de cotiandade da vida, están os momentos que cambian o devir da historia,



momentos únicos e irrepitibles nos cales os seres humanos poden participar activa ou pasivamente. Sobre este asunto é de obrigada mención a obra do escritor austríaco Stefan Zweig (1881 – 1942) que leva por título “Momentos estelares da humanidade”. Probablemente sexa o libro máis famoso do escritor e representa todo un fito na arte da miniatura histórica e literaria. Os acontecementos que reúne baixo este título tan atraente son moi variados: o ocaso do imperio de Oriente, no que a caída de Constantinopla a mans dos turcos en 1453 adquire o seu signo máis visible; o nacemento do “Mesías” de Händel en 1741; a derrota de Napoleón en 1815; o indulto de Dostoievski momentos antes da súa execución en 1849; a viaxe de Lenin cara a Rusia en 1917... «Cada un destes momentos estelares—escribe Stefan Zweig con acerto—marca un rumbo durante décadas e séculos», de maneira que podemos valoralos como puntos fundamentais de inflexión na historia e tamén lelos nestas catorce miniaturas históricas coa fascinación que sempre nos produce Zweig.

Poderíase dicir que a biografía do

propio autor está chea de momentos “estelares”. Membro dunha acomodada familia xudía, inicia a súa carreira literaria traducindo a Charles Baudelaire e a Émile Verhaeren. Ante o estoupido da Primeira Guerra Mundial, Zweig declárase pacifista e estreita lazos de amizade con Romain Rolland. Uns anos despois instálase en Salzburgo e, tras fuxir de Austria en 1934 polo auxe do nazismo, refúxíase en Londres. Desgraciadamente o triunfo alcanzado polas forzas de Hitler en Europa pártelle o corazón e remata por suicidarse xunto coa súa muller durante unha viaxe a Brasil. Un triste final para un dos grandes xenios do século XX. Xa se sabe, intelixencia e fascismo nunca foron da man.

A historia da humanidade sempre oscilou entre momentos de barbarie e xenialidade nun equilibrio moi fino, como se dunha balanza irregular se tratase, a cal, nun intre, pode romperse e decidir o futuro en direccións moi incertas. Nuns días comezará un novo ano e traerá de todo, guerra e poesía, ben e mal. Que momentos estelares nos deparará o 2023? Non nos quedará outra que ilos descubriendo pasiño a pasiño.

## Animación de Nadal no rural

### COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

**I**ndependentemente de como viva cada quen esta época do ano, non cabe dúbida que son unhas datas significativas para todos nosoutros. Existen uns hábitos e costumes que en maior ou menor medida seguimos; desde as comidas e ceas típicas, de traballo e familiares, ata reencontros cos que non sen ven en tempo, sen esquecer, por suposto, a lotaría ou os agasallos, o Nadal con maiúsculas condiciona a vida da xente e ninguén por moito que o pretenda, logra evadirse. Sen ningún xénero de dúbidas. O significado relixioso tamén está aí, non se pode negar. O mundo Cristián conmemora o nacemento do Neno Xesús en Belén de Xudea, o berce da relixión que se iría estendendo cara Occidente e á que a pertencen máis de mil millóns de persoas no conxunto do planeta. E nosoutros, os galegos, crentes e non crentes, practicantes ou non, estamos masivamente nese grupo.

O nadal sempre se celebrou con entusiasmo nas zonas rurais do País; non hai máis que escoitar as historias dos maiores quen narran como se xuntaban e percorrían as aldeas de casa en casa para cantar os reis e recibir o anigaldo. En épocas de escaseza, existía un lugar para a esmorga, a alegría e a esperanza. Sen moitos luxos, mellor dito, case sen ningún, pero con ilusión.

Co paso do tempo, paseniño veuse asistindo a unha merma considerable da poboación. Cada vez menos

nenos, cada vez máis vellos e por conseguinte, descenso do número de veciños, o que foi conducindo ao que todos sabemos e contemplamos, sen que se poda deter esta tendencia.

Pero aínda así, a realidade que semella tan negativa non derrotou a fantasía de días tan sinalados. En tódolos concellos se esmeran por iluminar e adornar alomenos as rúas das capitais municipais, dándolle o toque durante un mes, con luces de cores que alegran a vista. Cómpre engadir tamén os aportes de particulares, quen engalanan as súas casas, non só para dentro, senón tamén por fóra, facendo partícipes aos viandantes do seu inxenio. Outros non teñen reparo en colocar a árbore en lugar visible, ou poñer un nacemento para o disfrute de quen o queira ver.

Os concellos, como a administración pública máis próxima aos cidadáns, tamén poñen da súa parte. Así, a tradicional cabalgata de reis, o cinco de xaneiro, onde se fan as delicias non só dos máis pequenos, senón tamén do conxunto dos veciños e veciñas, que disfrutan da chegada das súas maxestades, ben en carros tirados por vacas rubias, ou ben en tractor. Calquera medio de transporte é válido. E como non, incluso mercadinhos como o que se celebra en Begonte, que na súa segunda edición semella plenamente consolidado, e no cal comprobamos como emprendedores de diferentes puntos xeográficos acudiron a vender os seus produtos, desde alimentarios ata artesanais. Todo elo contribúe a dinamizar as zonas rurais e a darlles un valor que sempre tiveron e que nos temos que negar a que o perdan.

### O RECUNCHO DE CANELINA

non deixes de soñar



Canelina Gaxco



## Mindonienses en Bos Aires

### HISTORIA DA MARIÑA



X. Isidro Fernández

**N**o “Eco de Galicia n.º 429” se di: “Romería fué, en efecto, la que hicieron en un hermoso rincón del bosque de Palermo... algunos distinguidos hijos de Mondoñedo el día trece del corriente” Formaban parte do banquete D. José M. Miranda, D. Claudio Trigo, D. Joaquín Serrano, D. Pastor Mancebo, D. Aniceto Saavedra, D. José R. Sánchez, D. Andrés Mancebo, D. Jesús Barreiro,

D. Ramón Díaz Portas, D. Antonio Mancebo, D. Justo Mancebo, D. Gervasio Rey, D. Jacinto Baamonde, D. Francisco Barro, Eugenio Otero, Francisco Otero, D. Antonio Fernández e D. Manuel López, adheríndose por un despacho telegráfico D. Alfredo Leiras, residente no pobo Xeneral Villegas.

O menú foi: “ Esmorga que fixeron un’s poucos fillos d’a Paula, festexando o día da nosa Señora d’os Remedios n’a ciuda de Buenos Aires o día 13 de Setembro de 1903.

Parua- Tonikina; A’s once- Mantecados con viño branco; Almorzo- fiambres surtidos (á o Avelino

Louro), Pote de cimós, galiñas é cocho (á o Ladislao Louro); Lacoada (a o Canina); Empanadas de Pitos (ó estilo de Triana); Tortillas (ó Folgueira Rasa); Asado (á o Buenos Aires); Postres – Queixo (forma Pico do Padornelo), Frutas surtidas (de Reigosa é Pataquiñas); Viño do Riveiro, Café (á o Verdugo); Cigarros (á o Pascual Teino).”

Todo elo foi amenizado pola música de Fanoy e o servizo a cargo de Cazoliñas. Houbo fogetes, fogos artificiais, música na rúa, baile e globos estes con inscricións una das cales decía: “¡Viva Mondoñedo!”.

## DE RUTA EN RUTA

# Riotorto: ruta do ferro

Un percorrido para coñecer elementos hidráulicos dos ferreiros no que foi un auténtico complexo industrial ata os anos 60

Esta é unha fermosa ruta que transcorre polo conxunto etnográfico de Ferreiravella os expertos recomentan que para realizar este percorrido en todo o seu esplendor a mellor época do ano é o outono xa que coas choivas o leito do río estará cheo e será moito máis vistoso, aínda que se pode realizar en calquera tempada.

Esta ruta localízase entre As Rodrigas, capital do Concello e O Mazo da Fraga situado no lugar de O Mazo.

Un mazo é un mecanismo que se sitúa xunto aos ríos e servía basicamente para traballar o ferro nas forxas. En diferentes recunchos de Galicia como A Terra Chá, pero tamén de Asturias, como Vegadeo, Taramundi ou a comarca dos Ocos, pódense ver mazos.

O percorrido desta ruta de 3 ou 4 horas dependendo do ritmo, levará aos camiñantes ao longo do regato de Ferreiravella, o borde do que aínda se poden visualizar restos de elementos hidráulicos en funcionamento. O río foi un verdadeiro complexo industrial ao servizo dos ferreiros polo menos ata a década

dos 60, cando a electricidade chegou á comarca. Algunhas das construcións que se poden atopar os viandantes teñen a súa orixe no ano 1691.

O longo da ruta atópanse varios paneis informativos que explican a historia de algúns enxeños hidráulicos que existiron ao longo do río. A ruta discorre entre bosques de especies autóctonas como castiñeiros, bidueiros e carballos que achegarán aos sendeiristas a ver de primeira man muíños e forxas como a de Chairas F.F., a de Barral J.D. ou a de M. Pol Pol.

Por outra banda, tamén se pode desfrutar dun bo día e un petisco na área recreativa de Ferreiravella pois conta cun merendeiro con mesas e unha zona de grelladas, así como un pequeno parque infantil.

Así mesmo, na primavera e sempre coincidindo en abril celébrase a Feira de Artesanía do Ferro de Riotorto, unha exaltación desde material e dos seus traballadores que conta cunha exposición de artesanías, obradoiros para ensinar este oficio, mostras de produtos do campo e actuacións musicais.



## DATOS



4 horas



8 quilómetros



Dificultade fácil

## HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN:  
FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN:  
AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE  
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



**GRUPO FORMAT**

formación integral de empresas  
para información sobre más formaciones:

[www.grupoforma-t.com](http://www.grupoforma-t.com)

TEL.: 982 513 605